

PROYECTO EDUCATIVO



CEIP A XUNQUEIRA 1

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. NOTAS DE IDENTIDADE.....	4
3. CONTEXTO.....	5
3.1 Datos do Centro.....	5
3.2 Transporte escolar.....	7
3.3 Zona de influencia.....	8
3.4 Instalacións.....	9
3.5 Características do alumnado.....	10
3.6 Profesorado.....	11
3.7. Valores, obxectivos, prioridades e procedementos de actuación.....	11
3.8. Compromisos educativos entre as familias e o Centro.....	12
4. CONCRECIÓN CURRICULAR.....	14
4.1 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Perfís competenciais de area. Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis concretados por nivel educativo.....	14
4.2. Concrecións xerais sobre metodoloxía.....	96
4.3 Atención a diversidade.....	96
4.3.1 Criterios xerais para os agrupamentos do alumnado.....	96
4.3.1.1 Criterios específicos de agrupamento en Educación Infantil.....	98
4.3.1.2 Criterios específicos de agrupamento en Educación Primaria.....	98
4.3.2 Criterios xerais para establecer os Reforzos Educativos.....	99
4.3.3 Criterios xerais para establecer as intervencións de PT e AL.....	99
4.4. Recursos e materiais.....	101
4.5. Tratamento dos elementos transversais nas áreas/materias.....	104
4.6. Proxectos e programas nos que participa o centro.....	106
4.6.1 Innovación e calidade educativa.....	106
a) Contratos programa.....	106
b) Plan Proxecta.....	106
Recíclate con Sogama.....	106
c) Plan mellora Biblioteca Escolar.....	107
4.7 Materias de libre configuración.....	107
4.8 Criterios para deseñar, seleccionar, organizar e avaliar as actividades complementarias e extraescolares.....	107
4.9 Pautas e criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.....	111
4.10 Organización do período de adaptación na etapa de infantil (3 anos).....	112
4.11 Canais de comunicación coas familias e alumnado.....	113
4.12. Criterios xerais da avaliación da practica docente e do proceso ensinanza -aprendizaxe. Concreción dos indicadores de logro.....	113
4.12.1 Avaliación do alumnado.....	113
4.12.2 Datas das avaliacións.....	113
4.12.3 Avaliación inicial.....	114
4.12.4 Criterios xerais de promoción do alumnado de curso/etapa.....	115
4.12.5 Protocolo para a elaboración de plans específicos para alumnado que permaneza un ano mais no curso.....	115
4.12.6 Criterios xerais para tratamento das materias pendentes.....	117
4.12.7 Procedemento de revisión e de reclamacións ao longo do curso e as cualificacións finais..	120
4.12.8 Criterios xerais do outorgamento de Mencións Honoríficas.....	120
4.13 Decisións e criterios xerais na elaboración e avaliación das Programacións didácticas ,.....	120
4.14. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	124
5. ACCIÓN TITORIAL.....	125
6. PLANS E PROXECTOS.....	131

Plan xeral de atención á diversidade. (anexo II).....131

Plan de convivencia.(anexo III).....131

Proxecto Lingüístico.(anexo IV).....131

Proxecto Lector.(anexo V).....131

Plan TIC. (anexoVI).....131

Proxecto de promoción de estilos de vida saudables.(anexo VII).....131

NOFC (anexo VIII).....131

Plan Autoprotección do Centro (anexo IX).....131

7. CONCLUSIÓN E DISPOSICIÓN FINAIS.....132

1. INTRODUCCIÓN.

O Proxecto Educativo de Centro (PE) é un instrumento que define as notas de identidade do noso Centro e propicia unha maior unidade de criterios en todos os ámbitos da acción educativa.

Seguiremos a lexislación vixente para a súa elaboración:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE, 4/05/2006). Art. 121, modificada parcialmente pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE, 10/12/2013)
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG, 15/07/2011). Art. 10
- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (BOE, 2/06/1995)
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG, 26/01/1999)
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CCAA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas LOE (DOG, 21/12/2011). Sección terceira
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27/01/2015)
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 9/09/14)
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario (DOG, 25/05/2010), Art. 14
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG, 8/05/07), Art. 7.3
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG, 21/10/96), Art. 86, 87 e 88
- Orde do 22 do xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG, 2/09/1997), Capítulo I.

- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG, 24/07/2007), Art. 7.

2. NOTAS DE IDENTIDADE.

- **Aconfesionalidade.** O Centro maniféstase coma aconfesional, á vez que respectuoso tanto con posturas agnósticas, como coa diversidade de prácticas, crenzas relixiosas e ideoloxías. O Centro non adoptará posición relixiosas ou ateas, senón que se respectarán as crenzas de cada persoa, profesor, pai e alumno.
- **Coeducación.** Intentamos evitar condutas que poñan en énfase os roles masculinos ou femininos polo que procuraremos proporcionarlles actuacións que eliminen estas discriminacións de xénero. Para elo usaremos unha linguaxe non sexista, eleccións de libros de texto, ou calquera outro material, traballo en equipo... Comprometido no desenvolvemento do sentido crítico e responsabilidade que está na base da Educación para o Consumidor.
- **Pluralismo e valores democráticos.** O profesorado debe respectar as conviccións relixiosas, morais e ideolóxicas do alumnado mantendo no seu acto educativo o principio de neutralidade ideolóxica, respectando o pluralismo, rexeitando todo tipo de dogmatismo e mantendo un compromiso co conxunto de valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos. Estimularase nos alumnos os valores dunha sociedade democrática, solidariedade, tolerante, na que se respecte a dignidade das persoas, fomenta a igualdade de todos os homes o respecto aos demais unha actitude de diálogo, rexeitando calquera tipo de discriminación e actitude violenta. A educación para a Paz será un dos aspectos a tratar e terá unha concreción práctica nas normas de convivencia do centro, que estará ao servizo dun obxectivo común favorecer a solidariedade e a tolerancia .
- **Método de Xestión.** Consignamos un modelo de xestión colaborativo e democrático coa participación de todos os sectores da comunidade educativa (pais, mestres, alumnos, persoal non docente...) Todos os órganos de xestión – Claustro, Consello Escolar...-, asumen as súas responsabilidades e exercen o seu labor en función das mesmas.
- **Lingua de Aprendizaxe.** O Centro debe respectar a lingua familiar propia dos alumnos, realizando a aprendizaxe da lectoescritura en dita lingua. Procurarase a normalización lingüística do alumnado procedentes doutras zonas. Ao rematar a Primaria garantirase que o alumnado teña un coñecemento das dúas linguas oficiais da Comunidade.

A lingua predominante é o castelán.

- **Liña Metodolóxica.** Entendemos a labor educativa baseado no respecto mutuo, no diálogo e a reflexión. A nosa liña metodolóxica basearase no método participativo e activo (flexible, globalizador, socializador e individualizado). Fomentarase no alumno unha actitude curiosa, activa, crítica e investigadora que mediante a comunicación e o traballo converterase na base da súa formación e adquisición das aprendizaxes.

Tratarase de adecuar o currículo ás características propias do noso alumnado e do entorno intentando dar unha resposta axeitada ás necesidades específicas de cada alumno mediante unha acción individualizada e de atención a diversidade.

Partiremos dunha avaliación inicial dos contidos que nos permitan axustar a ensinanza – aprendizaxe ao diferente nivel dos distintos alumnos. Adaptaremos o ensino aos diferentes ritmos e capacidades de aprendizaxe, flexibilizando na medida do posible os tempos escolares, coa finalidade de atender á diversidade do noso alumnado e facilitar a participación do alumnado en actividades complementarias; flexibilizaremos tamén a temporalización das unidades didácticas para adaptar o aprendizaxe dos contidos aos diferentes ritmos, a liña metodolóxica do noso centro irá encamiñada á consecución dunha aprendizaxe significativa...

A nosa ensinanza será activa, fomentadora do aprender a pensar e da creatividade do alumno/a. Resumindo, consideramos ao alumnado centro da tarefa educativa, suxeito e protagonista da súa propia formación e membro activo da Comunidade Educativa. Tamén se realizarán avaliacións periódicas dos proxectos.

3. CONTEXTO.

3.1 Datos do Centro.

- **Tipo de Centro:** CEIP
- **Denominación oficial:** CEIP A XUNQUEIRA 1
- **Titularidade:** Colexio Público de Educación Infantil e Primaria dependente da Xunta de Galicia.
- **Código do Centro:** 36006122
- **Situación:** Campus da Xunqueira.
- **Provincia:** Pontevedra.
- **Enderezo:** Rúa Celso Emilio Ferreiro s/n

- **Código Postal:** 36005
- **Teléfono:** 886159026
- **Fax:** 886159032
- **Nº Total de unidades:18**
 - Nº de Unidades Educación Infantil: 6
 - Nº Unidades Educación Primaria: 12

Horario lectivo: sesión única de mañá de 09:00 a 14:00 horas.

- Horario Plan Madruga: 07:30 e as 08:55 horas.
- Horario do comedor: 14:00 - 16:30 h
- Actividades extraescolares: 16:30 – 18:30 horas
- Martes tarde: 16:30 a 19:30 h.
- Biblioteca: 16:30 a 18:30 h
- PROA: 16:00 a 18:00 h

Instituto ao que está adscrito: IES A Xunqueira 1.

3.2 Transporte escolar.

O Centro ten asinadas 3 rutas de Transporte Escolar realizadas polas empresas MONBÚS e Autocares RÍAS BAIXAS.

O alumnado transportado chega ao Centro entre uns 10' - 20' antes das 09:00 sendo atendido polo profesorado de garda segundo as quendas correspondentes.

RUTA1:

Empalme de Lérez / Médico Ballina / Ferreira / A Cendona / Alba / Pidre / Cerponzóns-Leboreiro / Hermida / Reiriz / Rons

RUTA 2:

Cuartel da Garda Civil / A Barca / Echegaray – Paseo de Colón / Alameda / Manuel del Palacio / Fernández Ladreda

RUTA 3:

Cruz Vermella / Fernando Olmedo / Casimiro Gómez / Loureiro Crespo / Avda. De Lugo / Juan Carlos I (1ª rotonda) / Juan Carlos I (Librería) / Pintor Laxeiro (Autoservicio Villaverde) / Pintor Laxeiro (esquina rúa A Estrada)

Levamos anos recibindo máis peticións para usar o Transporte da ruta 1dos que podemos transportar e vémonos prexudicados, xa que recollemos alumnos das mesmas zonas que o CEIP Xunqueira-2, tendo eles máis autobuses ca nós e realizando as paradas máis preto do Centro.

Vista aérea do Centro.



CEIP A Xunqueira 1

3.3 Zona de influencia.

-LESTE:

- Vía do Ferrocarril dende intersección con Avda. Médico Ballina ata límite da parroquia de Alba coa de Léz.
- Avda. Médico Ballina dende a intersección coa vía do Ferrocarril (beirarrúa oeste ata o seu inicio).
- Rúa Leandro del Río Carnota dende o comezo ata a primeira transversal cara o leste. Atravésase o camiño que pasa por riba da Avda. de Compostela e baixa cara o río deixando o lugar da parroquia de Léz chamado A Torre ao norte (beirarrúa sur).

- **NORTE:** límite do Concello co de Barro.

- **OESTE:** autoestrada AP-9 dende a altura do cuartel da Garda Civil (excluído este) ata o límite do Concello.

-**SUR:** Río Léz.

A maiores tamén inclúese:

- A totalidade da parroquia de Alba. Lugares de: A Devesa, Guxilde, Lampreeira, Pontecabras, Reiriz, San Caetano e Touceda.
- A totalidade da parroquia de Cerponzóns. Lugares de: A Balea, Bouza, O Bravo, O Castrado, A Costa, O Cunchido, A Ermida, Leborei, A Meán, Pidre, O Queimado, San Caetano, Tilve e Vigario.
- Da parroquia de Léz os lugares de A Laxiña, A Gándara e A Xunqueira do Léz.
- Da parroquia de Campañó o lugar de Altabón.

ÁREAS LIMÍTROFES: Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia do CEIP San Benito de Léz, CEIP Manuel Vidal Portela e CEIP Parada-Campañó.

Non se consideran zonas limítrofes Campolameiro e Barro.

3.4 Instalacións.

O Centro ten dous edificios. O edificio principal consta dun baixo e dous andares, o outro edificio é “A casaña” ten planta baixa con dúas aulas de Educación Infantil (3 anos).

Tamén hai un pavillón que polas tardes é utilizado polo IMD.

“A casaña”
2 Aulas de ED Infantil (3 anos)
Aseos para nenos, nenas e profesorado.
Cociña/almacén

Edificio principal		
Planta baixa		
Torre norte	Zona central	Torre sur
Dirección-Xefatura-Secretaría	Salón de actos /comedor	4 aulas de Ed Infantil
Conserxería	Ximnasio con vestiarios	Aseos Ed Infantil
Sala para titorías	Cuarto de limpeza	Aseos para alumnas/os
Aula da ANPA	Aseos para alumnado	Aula actividades extraescolares
Aula Ed Musical		
Primeiro Andar		
Torre norte	Zona central	Torre sur
Biblioteca	Aseos para alumnado e mestres	Aula Plástica/laboratorio
Aula de relixión de primaria	Departamento Orientación	Aula Inglés Infantil
2 Aulas para 6º de primaria	4 aulas: 2 aulas para cada nivel de primaria de 1º, 2º	2 Aulas para 3º de primaria
	Zona de traballo para mestres	
Segundo Andar		
Torre norte	Zona central	Torre sur
Aula de Informática	Aseos para alumnado	Almacén
2 Aulas para 5º de primaria	2 Aulas de Inglés	2 Aulas para 4º de primaria
	Sala de reunións	
	Sala de mestres	
	Aula de AL	
	Aula PT	

3.5 Características do alumnado.

As características do alumnado que puideran exercer unha maior influencia no desenvolvemento da educación e do ensino son as seguintes:

- Alumnado que proceden da propia cidade e da zona rural.
- Contorna sociocultural e económica: Media.
- Nivel formativo-instrutivo: Medio.
- Con transporte escolar: un terzo dos alumnos aproximadamente.
- Nivel de disciplina e convivencia: bo, sempre se pode e debe mellorar.
- Asistencia: Alta e con regularidade. Intentaremos mellorar o problema da puntualidade, en parte debido aos problemas de tráfico e accesos da zona, e en parte ás familias.
- A matrícula do Centro é de 355 alumnos, repartidos en: 6 unidades de Educación Infantil e 12 grupos de Educación Primaria.

Distribución do alumnado curso 2017/2018

Educación Infantil:

3 anos: Grupo A	14 alumnos
3 anos: Grupo B	14 alumnos
4 anos: Grupo A	15 alumnos
4 anos: Grupo B	16 alumnos
5 anos: Grupo A	17 alumnos
5 anos: Grupo B	17 alumnos

Educación Primaria:

1º A	18 alumnos
1º B	17 alumnos
2º A	25 alumnos
2º B	25 alumnos
3º A	25 alumnos
3º B	25 alumnos
4º A	26 alumnos
4º B	25 alumnos
5º A	21 alumnos
5º B	21 alumnos
6º A	17 alumnos
6º B	17 alumnos

TOTAL: 355 ALUMNOS.

3.6 Profesorado.

O Claustro de profesores está composto por 30 profesores. Sendo un deles unha AL itinerante.

O Departamento de Orientación está formado pola orientadora, os mestres de PT, AL, os coordinadores de ciclo (EI) e nivel e a Xefa de Estudos. Este departamento reunirse unha vez ao mes. Queda fixada a data de reunión o 3º martes de cada mes.

3.7. Valores, obxectivos, prioridades e procedementos de actuación.

A finalidade da educación é conseguir un desenvolvemento integral de todo o alumnado buscando un desenvolvemento persoal, a harmonía social, a igualdade de oportunidades e as diferenzas.

A finalidade da Educación Infantil é contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado.

A finalidade da Educación primaria é proporcionarlles a todo o alumnado unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura, e ao cálculo, hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, así como desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo.

Para potenciar e favorecer a adquisición dos principios e fins educativos no noso Centro son prioritarias as seguintes liñas de actuación:

- Convivencia baseado no respecto e a non violencia: Traballo sistemático das habilidades sociais, autocontrol, potenciación das relacións afectivas, mellorando a autoestima e favorecendo a participación, a formación do profesorado e a comunicación entre os membros da comunidade educativa.
- Fomentar a autonomía e responsabilidade.
- A atención á diversidade fomentará as capacidades individuais, garantindo a igualdade de oportunidades e establecendo as medidas organizativas e curriculares precisas.
- Desenvolvera unha organización baseada en criterios pedagóxicos de igualdade.
- Impulsara as actuacións que desenvolvan a competencia lectoescritora, e o razoamento práctico desde as diferentes áreas.
- Fomentaran hábitos de vida saudables.

- Realizaran a avaliación e autoavaliación.

3.8. Compromisos educativos entre as familias e o Centro.

O noso Centro, como establece o artigo 50 da LOMCE e os artigos 8 e 9 da Disposición Final 1 do Decreto 23/2014 do 23 de xuño, elabora un documento de compromiso no que as familias e o Centro fan expreso o seu acordo de mutua colaboración nun entorno de convivencia, respecto e responsabilidade no desenvolvemento das actividades educativas.

Os compromisos establecidos neste documento refírense á aceptación dos principios educativos, ao respecto ás conviccións ideolóxicas e morais da familia no marco dos principios e valores educativos establecidos nas leis, ao seguimento da evolución do alumnado, á adopción de medidas correctoras en materia de convivencia e a comunicación entre o Centro e a familia.

Os compromisos educativos son elaborados polo equipo directivo do Centro, aprobados polo Claustro e avaliados polo Consello Escolar.

Este documento será revisado periodicamente para que se axusten aos cambios que se vaian producindo.

Todas as familias están no seu dereito e obriga de coñecer estes compromisos educativos. Estarán dispoñibles na web do Centro. Informarase ás familias nas reunións de principio de curso.

O Centro e a familia de xeito individual poderán chegar a acordos sobre a modificación dos compromisos establecidos inicialmente para a mellora do proceso educativo ou de convivencia do alumno/a ou para solucionar problemas detectados de xeito individual.

Compromisos por parte del Centro.

- Facilitar una formación que contribúa ao desenvolvemento integral da personalidade do alumno/a.
- Velar por que se fagan efectivos os dereitos do alumnado no ámbito escolar.
- Informar ás familias do PEC e das NOFC.
- Informar ás familias e ao alumnado dos criterios que se aplicarán para avaliar o rendemento académico, facer a avaliación correspondente e explicar os resultados das avaliacións.
- Adoptar as medidas educativas alternativas ou complementarias para atender ás necesidades específicas do alumno/a e manter informada á familia.
- Manter comunicación coas familias nas reunións durante o curso para informar da evolución académica e persoal do alumno/a.

- Comunicar ás familias as ausencias non xustificadas, as faltas de puntualidade e calquera outra información que sexa relevante para os eu desenvolvemento académico e persoal a través de Abalar Móbil.
- Atender as peticións de entrevistas no día establecido para titorías (martes de 16:30 a 17:30) ou en calquera outro momento aceptado por ambas partes.
- O Equipo Directivo revisará anualmente o compromiso e decidirá como avaliará os seus resultados e tamén as estratexias adecuadas para a súa difusión entre a comunidade educativa.
- Os titores e titoras poderán acordar coas familias actuacións concretas, para alcanzar a curto prazo polo alumnado.

Compromisos por parte da familia.

- Respetar o carácter propio do centro e recoñecer a condición de autoridade pública do profesorado, recollida na Lei 3/2014, do 16 de abril.
- Informar aos seu fillos/as do contido dos compromisos e instalos/as a respectar o PEC e as NOFC do centro.
- Compartir co colexio a educación do seu fillo/a e establecer as complicidades necesarias para aplicar o PEC; especialmente polo que respecta ás orientacións relativas ao desenvolvemento académico do alumnado que se reciban por parte do profesorado e ao cumprimento das NOFC.
- Velar para que o seu fillo/a cumpra cos deberes básicos de estudo e asistencia puntual ás actividades académicas.
- Adoptar medidas que favorezan o rendemento escolar do seu fillo/a: axudalo a organizar o tempo de estudo na casa, preparar o material para a actividade escolar, etc.
- Aceptar as sancións cautelares impostas polo centro ás faltas leves cometidas polo alumnado debidamente comunicadas á familia, sen interferir no cumprimento das mesmas, sen prexuízo do dereito á interposición de recurso.
- Dirixirse directamente ao profesorado do centro: mestre especialista, titor e en último caso equipo directivo, para contrastar as discrepancias, coincidencias ou suxestións en relación coa aplicación do PEC na formación do seu fillo/a.
- Facilitar as informacións relevantes para o desenvolvemento académico e persoal do seu fillo/a e atender ás peticións de entrevista que formule o centro á maior brevidade.
- Informar ao centro e manter debidamente actualizadas, na Secretaría os datos de carácter persoal, de situación legal (tutela, custodia), de localización dos responsables familiares, e outras informacións que afecten ao alumno/a.

4. CONCRECIÓN CURRICULAR.

4.1 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Perfís competenciais de area. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados concretados por nivel educativo.

A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

As Competencias clave establecidas no artigo 5 do Decreto 105/2014, de 4 de setembro (Lomce) son:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- c) Competencia dixital (CD).
- d) Aprender a aprender (CAA).
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O 5 do Decreto 105/2014, de 4 de setembro sinala:

- Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

As concrecións curriculares para os distintos bloques de materias constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia.

Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe. Os estándares de aprendizaxe avaliábeis permiten definir os resultados de aprendizaxe e concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliábeis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Área: LG	Curso: 1º
Estándar de aprendizaxe avaliábeis	
Competencia clave	
Bloque 1: Comunicación oral: Falar e escoitar	
1º-LGB1.1.1-Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	CCL / CAA
1º-LGB1.2.1-Comprende informacións relevantes e específicas moi evidentes de documentos audiovisuais sinxelos que presenten imaxes e/ou sons moi redundantes co contido.	CCL / CD / CAA / CSC
1º-LGB1.3.1-Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.	CCL / CAA / CSC / CSEIEE
1º-LGB1.3.2-Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.	CCL / CAA
1º-LGB1.3.3-Elabora e produce textos orais moi breves e sinxelos ante a clase.	CCL / CSIEE / CAA
1º-LGB1.3.4-Participa no traballo en pequeno grupo.	CCL / CSIEE / CAA
1º-LGB1.4.1-Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións, sen interromper.	CCL / CSC
1º-LGB1.4.2-Respecta as opinións da persoa que fala, en situacións comunicativas cotiás.	CCL / CSC
1º-LGB1.5.1-Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.	CCL / CSC / CAA
1º-LGB1.5.2-Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.	CCL / CSC / CCEC
1º-LGB1.5.3-Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	CCL / CSC / CCEC
1º-LGB1.5.4-Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.	CCL / CSC / CCEC
1º-LGB1.5.5-Mantén o tema nun intercambio comunicativo oral, mostra interese e unha actitude receptiva de escoita.	CCL / CSC / CCEC
1º-LGB1.5.6-Participa na conversa formulando e contestando preguntas.	CCL / CSC / CCEC / CAA
1º-LGB1.6.1-Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.	CCL / CAA
1º-LGB1.7.1-Amosa respecto ás ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en pequeno grupo.	CCL / CAA / CSIEE
1º-LGB1.8.1-Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo e propia da lingua galega	CCL / CAA / CCEC / CSIEE
1º-LGB1.9.1-Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista evidente.	CCL / CSC
1º-LGB1.9.2-Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas e ás etnias.	CCL / CSC
1º-LGB1.10.1-Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación...	CCL / CCEC
1º-LGB1.10.2-Recoñece a posibilidade de uso da lingua galega en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.	CCL / CCEC / CSC
Bloque 2: Comunicación escrita: ler	
1º-LGB2.1.1-Comprende a información relevante de textos sinxelos, sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado, procedentes dos medios de comunicación social.	CCL / CD / CSC
1º-LGB2.1.2-Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	CCL
1º-LGB2.1.3-Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	CCL / CAA / CSIEE
1º-LGB2.2.1-Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.	CCL / CAA / CSC / CSIEE / CMCT
1º-LGB2.3.1-Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos.	CCL / CAA
1º-LGB2.3.2-Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.	CCL
1º-LGB2.4.1-Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.	CCL / CAA / CSC
1º-LGB2.4.2-Valora a utilidade das bibliotecas de aula e de centro e manipula os libros con coidado, devolvendoos ao seu sitio logo de deles.	CCL / CAA / CSC
1º-LGB2.5.1-Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.	CCL / CAA / CSC
1º-LGB2.6.1-Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	CCL / CAA / CSC / CCEC
1º-LGB2.7.1-Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias e explica dun xeito moi sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL
1º-LGB2.7.2-Expressa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.	CCL / CSC / CAA / CSIEE
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir	
1º-LGB3.1.1-Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.	CCL / CSIEE / CAA
1º-LGB3.1.2-Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.	CCL / CAA / CSIEE
1º-LGB3.1.3-Usa o punto nos seus escritos.	CCL

1º-LGB3.1.4-Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	CCL / CSC / CCEC
1º-LGB3.1.5-Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto) sobre acontecementos próximos á súa experiencia.	CCL / CAA / CSIEE
1º-LGB3.1.6-Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.	CCL / CAA / CSIEE
1º-LGB3.2.1-Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de para quen, e que escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	CCL / CAA
1º-LGB3.3.1-Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.	CCL / CSC / CCEC / CAA / CSIEE
1º-LGB3.4.1-Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento.	CCL / CD / CAA / CSIEE
1º-LGB3.5.1-Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.	CCL / CD / CSIEE
1º-LGB3.6.1-Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.	CCL / CD / CAA
1º-LGB3.6.2-Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.	CCL / CSC
Bloque 4: Coñecemento da lingua	
1º-LGB4.1.1-Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas	CCL / CAA
1º-LGB4.1.2-Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.	CCL / CAA
1º-LGB4.1.3-Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.	CCL / CAA
1º-LGB4.1.4-Sinala o xénero e número de palabras dadas.	CCL / CAA
1º-LGB4.2.1-Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	CCL / CSC / CCEC
1º-LGB4.3.1-Recoñece a relación entre son e grafía.	CCL / CAA
1º-LGB4.3.2-Separa as palabras que conforman un enunciado.	CCL / CAA
1º-LGB4.4.1-Compara aspectos moi elementais e evidentes (gráficos, fonéticos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL / CAA
Bloque 5: Educación literaria	
1º-LGB5.1.1-Recree e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	CCL / CAA / CCEC
1º-LGB5.1.2-Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	CCL / CCEC
1º-LGB5.2.1-Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.	CCL / CCEC / CD
1º-LGB5.2.2-Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora.	CCL / CCEC / CD
1º-LGB5.3.1-Recree e compón breves relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos e experiencias persoais.	CCL / CCEC / CSC
1º-LGB5.4.1-Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCL / CSC / CCEC
1º-LGB5.5.1-Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural	CCL / CCEC

Área: LC	Curso: 1º
Estándar de aprendizaxe avaliáveis	
Competencia clave	
Bloque 1: Comunicación oral: Falar e escoitar	
1º-LCB.1.1.1-Exprésase de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.	CCL / CAA / CSC
1º-LCB.1.1.2-Aplica as normas socio-comunicativas: escoita e respecta a quenda de palabras.	CCL / CAA / CSC
1º-LCB.1.2.1-Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.	CCL / CSC
1º-LCB.1.3.1-Participa activamente en diversas situacións de comunicación: -diálogos -exposicións orais moi guiadas, con axuda, cando cumpra, de tecnoloxías da información e a comunicación.	CCL / CD / CAA / CSC / CSIEE
1º-LCB.1.4.1-Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade.	CCL
1º-LCB.1.5.1-Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.	CCL / CAA
1º-LCB.1.6.1-Identifica as ideas xerais en reportaxes audiovisual sobre temas do seu interese.	CCE / CAA
1º-LCB.1.7.1-Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas.	CCL / CAA / CCEC
1º-LCB.1.8.1-Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.	CCL
1º-LCB.1.9.1-Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.	CCL / CSIEE
1º-LCB.1.9.2-Describe, de forma sinxela, persoas, animais, obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba.	CCL /
1º-LCB.1.9.3-Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite	CCL /
1º-LCB.1.10.1-Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	CCL / CSC
1º-LCB.1.11.1-Pide axuda para a realización de tarefas de distinta índole.	CCL / CAA / CSC / CSIEE
Bloque 2: Comunicación escrita: ler	
1º-LCB.2.1.1-Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.	CCL
1º-LCB.2.2.1-Relaciona a información que achega o título e as ilustracións co tema do texto.	CCL / CAA
1º-LCB.2.3.1-Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxías textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións	CCL / CAA
1º-LCB.2.4.1-Exprésase o gusto pola lectura como fonte de lecer.	CCL
1º-LCB.2.4.2-Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.	CCL
1º-LCB.2.5.1-Identifica, con axuda, os textos da biblioteca (escritos ou en soporte informático) máis axeitados para obter información e para o seu lecer.	CCL / CD / CAA
1º-LCB.2.6.1-Coida, conserva e organiza os seus libros.	CCL / CSC
Bloque 3: Comunicación escrita: escribir	
1º-LCB3.1.1-Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.	CCL
1º-LCB3.1.2-Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia	CCL
1º-LCB3.2.1-Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.	CCL
1º-LCB3.3.1-Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas	CCL / CD / CAA
1º-LCB3.3.2-Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.	CCL / CAA
Bloque 4: Coñecemento da lingua	
1º-LCB4.1.1-Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.	CCL
1º-LCB4.1.2-Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética.	CCL
1º-LCB4.1.3-Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.	CCL
1º-LCB4.1.4-Distingue xénero e número en palabras habituais.	CCL
1º-LCB4.1.5-Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.	CCL
1º-LCB4.1.6-Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia	CCL
1º-LCB4.1.7-Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.	CCL
1º-LCB4.2.1-Relaciona sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas.	CCL
1º-LCB4.2.2-Establece comparacións entre distintos elementos.	CCL
1º-LCB4.2.3-Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.	CCL
1º-LCB4.2.4-Identifica no seu contorno palabras derivadas de outras moi evidentes.	CCL
1º-LCB4.3.1-Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.	CCL
1º-LCB4.4.1-Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.	CCL
1º-LCB4.5.1-Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.	CCL / CD / CAA
1º-LCB4.6.1-Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL / CSC
Bloque 5: Educación Literaria	
1º-LCB5.1.1-Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas	CCL / CCEC
1º-LCB5.1.2- Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos.	CCL / CAA / CCEC / CSC
1º-LCB5.2.1-Gozo da escoita de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos.	CCL / CCEC
1º-LCB5.2.2-Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).	CCL / CAA
1º-LCB5.3.1-Utiliza de xeito guiado a biblioteca de aula como fonte de información e lecer.	CCL / CAA

1º-LCB5.4.1-Recrea de xeito individual e cooperativo, sinxelos textos literarios (contos, poemas..) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL / CAA / CCEC
1º-LCB5.5.1-Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehiculo de comunicación e como recurso de gozo persoal.	CCL / CSC / CCEC

Área: LINGUA EXTRANXEIRA	Curso: 1º
Estándar de aprendizaxe avaliábeis	
Competencia clave	
Bloque 1: Comprensión de textos orais	
1º-PLB1.1-Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.	CCL
1º-PLB1.2-Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.	CCL
1º-PLB1.3-Comprende preguntas moi básicas sobre si mesmo/a (nome, idade, gustos...) e a información igualmente básica sobre outras persoas.	CCL / CAA
1º-PLB1.4-Sigue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica (abrir/pechar o libro, sentar, dar un lapis).	CCL
Bloque 2: Producións de textos orais	
1º-PLB2.1-Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a (dicir o seu nome, idade, a súa cor favorita, presentar á súa familia, indicar os seus gustos) cunha pronuncia e entoación comprensibles.	CCL
1º-PLB2.2-Pregunta e responde para dar/obter información en conversas moi sinxelas e elementais (nome, idade, cor favoritas ou gustos).	CCL
1º-PLB2.3-Amosa unha actitude de escoita atenta	CCL / CSC
1º-PLB2.4-Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.	CCL / CSC
Bloque 3: Comprensión de textos escritos	
1º-PLB3.1-Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.	CCL
1º-PLB3.2-Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.	CCL
1º-PLB3.3-Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.	CCL / CAA
1º-PLB3.4-Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumpriše, rectificando espontaneamente	CCL / CAA
Bloque 4: Produción de textos escritos	
1º-PLB4.1-Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.	CCL
1º-PLB4.2-Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.	CCL
1º-PLB4.3-Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.	CCL
1º-PLB4.4-Revista o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.	CCL / CAA
Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural	
1º-PLB5.1-Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	CSC
1º-PLB5.2-Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.	CCL / CSC
1º-PLB5.3-Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.	CCL / CSIEE
1º-PLB5.4-Diferencia saúdos de despedidas e usa fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me)	CCL / CSC
1º-PLB5.5-Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).	CCL
1º-PLB5.6-Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad)	CCL
1º-PLB5.7-Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can't) o acordo (That's right).	CCL
1º-PLB5.8-Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos	CCL
1º-PLB5.9-Diferencia preguntas e respostas moi simples.	CCL
1º-PLB5.10-Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.	CCL
1º-PLB5.11-Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.	CCL / CSC
1º-PLB5.12-Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.	CCL / CSC

Área: MATEMÁTICAS		Curso: 1º
Estándar de aprendizaxe avaliábel		Competencia clave
Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas		
1º-MTB1.1.1-Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.		CMCT / CCL
1º-MTB1.2.1-Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.		CMCT / CAA
1º-MTB1.3.1-Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.		CMCT / CD / CAA
Bloque 2: Números		
1º-MTB2.1.1-Le, escribe e ordena números ata o 99.		CMCT / CCL
1º-MTB2.1.2-Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.		CMCT / CCL
1º-MTB2.2.1-Utiliza os números ordinais en contextos reais.		CMCT
1º-MTB2.2.2-Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99		CMCT / CCL / CAA
1º-MTB2.2.3-Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.		CMCT
1º-MTB2.2.4-Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.		CMCT
1º-MTB2.3.1-Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.		CMCT
1º-MTB2.3.2-Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.		CMCT
1º-MTB2.3.3-Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.		CMCT
1º-MTB2.4.1-Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.		CMCT / CAA
1º-MTB2.4.2-Iniciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.		CMCT / CAA / CSIEE
Bloque 3: Medida		
1º-MTB3.1.1-Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.		CMCT
1º-MTB3.2.1-Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.		CMCT
1º-MTB3.3.1-Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.		CMCT
1º-MTB3.4.1-Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Minuto, hora, día, semana e ano.		CMCT
1º-MTB3.4.2-Le en reloxos analóxicos e dixitais a hora en punto e a media hora.		CMCT
1º-MTB3.4.3-Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.		CMCT
1º-MTB3.5.1-Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5, 10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.		CMCT / CAA
1º-MTB3.6.1-Resolve problemas sinxelos de medida		CMCT / CAA
1º-MTB3.6.2-Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.		CMCT / CAA / CSIEE
Bloque 4: Xeometría		
1º-MTB4.1.1-Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.		CMCT / CAA / CCL
1º-MTB4.1.2-Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.		CMCT / CAA / CCL
1º-MTB4.2.1-Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.		CMCT / CAA
1º-MTB4.3.1-Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados.		CMCT / CAA
1º-MTB4.3.2-Iniciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.		CMCT / CAA / CSIEE
Bloque 5: Estatística e probabilidade		
1º-MTB5.1.1-Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas		CMCT / CAA
1º-MTB5.1.2-Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos.		CMCT / CAA

Área: Ciencias Sociais		Curso: 1º
Estándar de aprendizaxe avaliábeles		Competencia clave
Bloque 1: Contidos comúns		
1º-CSB1.1.1-Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica		CAA / CCL / CD / CMCCT
1º-CSB1.1.2-Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.		CSIEE / CAA / CSC
1º-CSB1.2.1-Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.		CSC / CAA
1º-CSB1.3.1-Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.		CAA
1º-CSB1.4.1-Identifica a terminoloxía propia da área.		CCL / CMCCT / CSC
Bloque 2: O mundo que nos rodea		
1º-CSB2.1.1-Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.		CMCCT / CD / CAA
1º-CSB2.1.2-Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima		CMCCT / CCL
1º-CSB2.2.1-Describe as características principais do aire e da auga.		CMCCT / CCL
1º-CSB2.3.1-Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima		CMCCT / CSC / CCL
1º-CSB2.4.1-Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.		CMCCT / CD / CCL
1º-CSB2.5.1-Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.		CMCCT / CAA
1º-CSB2.6.1-Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.		CMCCT / CAA
1º-CSB2.7.1-Relaciona o movemento dos elementos do ceo co cambio do día á noite e o paso do tempo ao longo do día: mañá, tarde e noite.		CMCCT / CAA
1º-CSB2.8.1-Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.		CMCCT / CAA
1º-CSB2.9.1-Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.		CSC / CMCCT
Bloque 3: Vivir en sociedade		
1º-CSB3.1.1-Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.		CMCCT / CSC / CAA
1º-CSB3.2.1-Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.		CMCCT / CSC / CCL
1º-CSB3.3.1-Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.		CSC
1º-CSB3.4.1-Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.		CMCCT / CAA
1º-CSB3.4.2-Identifica diferentes tipos de vivendas e describe oralmente as diferenzas.		CCL / CCEC
1º-CSB3.5.1-Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.		CCL / CMCCT
1º-CSB3.6.1-Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.		CMCCT / CAA
1º-CSB3.7.1-Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.		CSC / CAA
1º-CSB3.8.1-Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación.		CCEC / CSC / CCL
Bloque 4: As pegadas do tempo		
1º-CSB4.1.1-Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas..		CSC / CAA / CCL
1º-CSB4.2.1-Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.		CSC / CAA / CCL
1º-CSB4.3.1-Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.		CMCCT / CCL

Área: Ciencias Naturais		Curso: 1º
Estándar de aprendizaxe avaliábeis		Competencia clave
Bloque 1: Iniciación á actividade científica		
6º-EFB5.1.3-Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.	CSC/CAA/CMCCT
6º-EFB5.1.4-Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde.	CSC/CAA/CSIEE CMCCT
6º-EFB5.1.5-Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.	CSC/CAA/CSIEE
6º-EFB5.2.1-Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde.	CAA/CSIEE/CSC
6º-EFB5.2.2-Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo.	CAA/CMCCT/CSC
6º-EFB5.2.3-Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade.	CAA/CSIEE/CSC
6º-EFB5.2.4-Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade	CAA/CMCCT/CSC
6º-EFB5.3.1-Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.	CCL/CAA/CSC CMCCT
Bloque 6: Os xogos e actividades deportivas	
6º-EFB6.1.1-Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices.	CSC/CSIEE/CAA
6º-EFB6.1.2-Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	CAA/CSIEE/CSC
6º-EFB6.2.1-Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza.	CCL/CCEE/CAA CSC
6º-EFB6.2.2-Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia.	CCEC/CAA/CSC
6º-EFB6.2.3-Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes.	CCEC/CAA/CSC
6º-EFB6.3.1-Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.	CMCCT/CSC/CAA
6º-EFB6.3.2-Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices.	CMCCT/CAA/CSC
6º-EFB6.3.3-Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	CMCCT/CAA/CSC
6º-EFB6.3.4-Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza.	CMCCT/CCL/CSC CAA
6º-EFB6.4.1-Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural	CSC/CAA
6º-EFB6.4.2-Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar.	CSC/CAA

Área: EDUCACIÓN MUSICAL		Curso: 6º
Estándar de aprendizaxe avaliábeles		Competencia clave
Bloque 1: Escoita		
6º-EMB1.1.1-Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso	CCEC/CCL/CAA	
6º-EMB1.2.1-Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.	CCEC/CAA/CCL	
6º-EMB1.2.2-Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.	CSIEE/CAA/CCEC	
6º-EMB1.3.1-Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.	CSC/CCEC	
6º-EMB1.3.2-Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.	CSC/CCEC	
Bloque 2: Interpretación musical		
6º-EMB2.1.1-Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreáas.	CCEC/CAA/CCL	
6º-EMB2.2.1-Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.	CCEC CAA	
6º-EMB2.2.2-Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.	CCEC	
6º-EMB2.2.3-Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	CCEC	
6º-EMB2.2.4-Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento	CAA/CCEC	
6º-EMB2.2.5-Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.	CAA/CCEC	
6º-EMB2.2.6-Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC	
6º-EMB2.2.7-Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.	CAA	
6º-EMB2.3.1-Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	CCEC/CAA/CD	
6º-EMB2.3.2-Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.	CAA/CD/CCL	
6º-EMB2.3.3-Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CD/CCEC	
Bloque 3: A música o movemento e a danza		
6º-EMB3.1.1-Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CAA/CCEC	
6º-EMB3.1.2-Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	CCEC	

6º-EMB3.1.3-Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.	CCEC
6º-EMB3.1.4-Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.	CSC/CCEC
6º-EMB3.1.5-Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.	CAA/CCEC
6º-EMB3.1.6-Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto.	CAA
6º-EMB3.1.7-Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito prazenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.	CAA/CSC
6º-EMB3.1.8-Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.	CSC

Área: EDUCACIÓN PLÁSTICA		Curso: 6º
Estándar de aprendizaxe avaliábeis		Competencia clave
Bloque 1: Educación audiovisual		
6º-EPB1.1.1-Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.		CCL /CCEC/CSC
6º-EPB1.1.2-Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes		CCEC/CAA
6º-EPB1.1.3-Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.		CCEC/CAA
6º-EPB1.1.4-Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.		CCEC/CCL
6º-EPB1.1.5-Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.		CCEC/CCL
6º-EPB1.1.6-Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.		CCEC/CCL
6º-EPB1.2.1-Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).		CCEC/CCL
6º-EPB1.2.2-Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.		CCEC/CCL
6º-EPB1.2.3-Recoñece os temas da fotografía.		CCEC/CCL
6º-EPB1.2.4-Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.		CCEC/CAA/CCL
6º-EPB1.2.5-Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.		CCEC/CCL/CAA
6º-EPB1.2.6-Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.		CCEC/CAA
6º-EPB1.2.7-Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.		CCEC/CAA/CD
6º-EPB1.3.1-Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ?) que lle serven para a ilustración de textos.		CD/CSC
6º-EPB1.3.2-Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa		CSC/CD
Bloque 2: Expresión artística		
6º-EPB2.1.1-Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, cuidando o material e o espazo de uso.		CCEC/CAA/CCEC
6º-EPB2.1.2-Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).		CAA/CCEC
6º-EPB2.1.3-Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.		CAA/CCEC
6º-EPB2.1.4-Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.		CAA
6º-EPB2.1.5-Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.		CAA/CCEC
6º-EPB2.1.6-Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.		CAA/CCEC
6º-EPB2.1.7-Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.		CAA/CCEC
6º-EPB2.1.8-Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.		CAA/CCEC
6º-EPB2.1.9-Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).		CAA/CCEC
6º-EPB2.1.10-Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.		CCEC/CAA
6º-EPB2.2.1-Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.		CCEC/CAA
6º-EPB2.2.2-Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.		CCEC/CAA
6º-EPB2.2.3-Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.		CCEC/CAA
6º-EPB2.2.4-Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.		CCEC/CAA
6º-EPB2.3.1-Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.		CSC/CCEC
6º-EPB2.3.2-Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.		CSC/CCEC
6º-EPB2.3.3-Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.		CSC/CCEC
6º-EPB2.4.1-Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.		CD/CCEC
6º-EPB2.4.2-Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.		CD/CCEC
6º-EPB2.4.3-Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).		CCEC/CD
6º-EPB2.5.1-Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.		CCEC/CAA
6º-EPB2.5.2-Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.		CSC/CCEC
6º-EPB2.5.3-Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.		CSC/CCEC

6º-EPB2.5.4-Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades	CSC/CCEC/CAA
Bloque 3: Debuxo xeométrico	
6º-EPB3.1.1-Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.	CCEC/CAA/CMCCT
6º-EPB3.1.2-Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	CCEC/CAA/CMCCT
6º-EPB3.1.3-Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.	CCEC/CMCCT
6º-EPB3.1.4-Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.	CMCCT/CCEC
6º-EPB3.1.5-Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.	CMCCT/CCEC
6º-EPB3.1.6-Traza círculos co compás coñecendo o raio.	CMCCT/CCEC
6º-EPB3.1.7-Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.	CMCCT/CCEC
6º-EPB3.1.8-Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.	CCEC/CMCCT/CAA
6º-EPB3.1.9-Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.	CCEC/CAA
6º-EPB3.1.10-Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.	CMCCT
6º-EPB3.1.11-Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.	CCEC/CAA
6º-EPB3.1.12-Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.	CCEC/CMCCT
6º-EPB3.1.13-Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.	CCEC/CMCCT/CSIEE
6º-EPB3.1.14-Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.	CMCCT/CCEC
6º-EPB3.1.15-Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.	CMCCT/CCEC
6º-EPB3.2.1-Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	CCEC/CAA/CMCCT

Área: REL	Curso: 6º	
Estándar de aprendizaxe avaliábeis		Competencia clave
6º-REC-B1.1.1-Identifica e xuzga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.	CSC	
6º-REC-B1.2.1-Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación na literatura e música actuais.	CCEC/CSIEE	
6º-REC-B1.3.1-Descubre e explica por qué os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divindade.	CSC/CCEC	
6º-REC-B1.4.1-Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambio para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.	CAA/ CSC/ CSIEE	
6º-REC-B2.1.1-Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa.	CCL/ CSC	
6º-REC-B2.1.2-Investiga e contrasta a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel emitindo un xuízo persoal.	CCL/CCEC/CSIEE	
6º-REC-B2.1.3-Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciais.	CAA/ CCL/CSC	
6º-REC-B3.1.1-Busca nos discursos do Evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esfórzase por comprender o seu significado.	CCL/CAA	
6º-REC-B3.1.2-Identifica e sintetiza os rasgos que Xesús desvela do Pai nos discursos do Evanxeo de Xoán.	CCL/ CSC	
6º-REC-B3.2.1-Extrapolaa as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ó Pai con situacións que viven os seres humanos.	CAA/ CSC	
6º-REC-B3.3.1-Localiza e explica a misión apostólica nas expresións de Xesús recollidas nos evanxeos sinópticos.	CSC/ CCL	
6º-REC-B3.3.2-Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.	CAA/CSC/ CD	
6º-REC-B4.1.1-Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.	CCL/ CSC	
6º-REC-B4.1.2-Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio.	CSC/CCEC	
6º-REC-B4.2.1-Extrapolaa e explica os principais signos pascuais.	CAA/CCEC	
6º-REC-B4.2.2-Crea unha composición onde se exprese a ledicia e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado.	CSC/CCEC/ CAA	
6º-REC-B4.3.1-Selecciona testemuños de cristiáns e xustifica o cambio xerado polo encontro co Resucitado.	CCL/ CSC	

Área: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	Curso: 6º	
Estándar de aprendizaxe avaliábeis		Competencia clave
Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa		
6º-VSCB1.1.1-Explica o valor da respectabilidade e da dignidade persoal.	CSC/CCL	
6º-VSCB1.1.2-Actúa de forma respectable e digna.	CSC/CSIEE	
6º-VSCB1.1.3-Coñece e asume os rasgos característicos da súa personalidade, poñéndoos de manifesto asertivamente.	CAA/CCL	
6º-VSCB1.2.1-Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva.	CAA	
6º-VSCB1.2.2-Describe o valor da reestruturación cognitiva e a resiliencia	CCL/CSIEE	
6º-VSCB1.2.3-Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.	CSC/CSIEE	
6º-VSCB1.2.4-Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	CSC/CSIEE/CCL	
6º-VSCB1.3.1-Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.	CSC/CSIEE	
6º-VSCB1.3.2-Explica razóns para asumir as súas responsabilidades durante a colaboración.	CSC/CCL/CSIEE	
6º-VSCB1.3.3-Xera confianza nos demais realizando unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	CSC/CAA/CSIEE	
6º-VSCB1.4.1-Propón alternativas á resolución de problemas sociais.	CSC/CSIEE	

6º-VSCB1.4.2-Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	CSC/CSIEE
6º-VSCB1.5.1-Emprega o pensamento consecuencial para tomar decisións éticas.	CSC/CSIEE
6º-VSCB1.5.2-Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.	CSC/CSIEE
6º-VSCB1.6.1-Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais	CSC/CSIEE/CCEC
6º-VSCB1.6.2-Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas	CSC/CACSIEE
6º-VSCB1.6.3-Razoa a importancia da iniciativa privada na vida económica e social.	CSIEE
Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais	
6º-VSCB2.1.1-Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.	CSC/CCL
6º-VSCB2.1.2-Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.	CCL/CSC/CSIEE
6º-VSCB2.1.3-Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.	CCL/CSC
6º-VSCB2.2.1-Comparte sentimentos durante o diálogo.	CCL/CSC
6º-VSCB2.2.2-Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.	CCL/CSC/CSIEE
6º-VSCB2.3.1-Emprega a linguaxe positiva.	CCL/CSC
6º-VSCB2.3.2-Autoafirmase con respecto.	CCL/CSC/CSIEE
6º-VSCB2.4.1-Infire e dá o sentido adecuado á expresión dos e das demais.	CCL/CSC
6º-VSCB2.4.2-Utiliza correctamente as estratexias de escoita activa: clarificación, parafraseo, resumo, reestruturación, reflexo de sentimentos.	CCL/CSC/CSIEE
6º-VSCB2.5.1-Interacciona con empatía.	CSC/CCL/CSIEE
6º-VSCB2.5.2-Sabe contribuir á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	CSC/CSIEE
6º-VSCB2.6.1-Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.	CSC/CSIEE
6º-VSCB2.6.2-Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.	CCL/CSC/CCEC
6º-VSCB2.6.3-Detecta e axuiza criticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos.	CCL/CCEC/CSC/C/DICAA
Bloque 3: A convivencia e os valores sociais	
6º-VSCB3.1.1-Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.1.2-Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	CSIEE/CSC
6º-VSCB3.2.1-Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	CAA/CSIEE/CSC
6º-VSCB3.2.2-Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.	CSC
6º-VSCB3.2.3-Respecta as regras durante o traballo en equipo.	CAA/CSIEE/CSC
6º-VSCB3.2.4-Emprega destrezas de interdependencia positiva.	CSC
6º-VSCB3.3.1-Explica o concepto de norma	CCL/CSC
6º-VSCB3.3.2-Infire a necesidade das normas da súa comunidade educativa	CAA/CSC
6º-VSCB3.3.3-Participa na elaboración das normas do colexio.	CCL/CSC/CSIEE
6º-VSCB3.3.4-Respecta as normas do centro escolar.	CSC
6º-VSCB3.4.1-Resolve os conflitos de modo construtivo.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.4.2-Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.4.3-Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.	CCL/CSC
6º-VSCB3.4.4-Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.5.1-É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos.	CCL/CSC/CSIEE
6º-VSCB3.5.2-Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.6.1-Realiza xuízos morais de situacións escolares.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.6.2-Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas.	CSC/CCL
6º-VSCB3.7.1-Expresa o que é un dilema moral.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.7.2-Realiza xuízos morais.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.7.3-Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.7.4-Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.8.1-Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.8.2-Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.8.3-Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.9.1-Valora e respecta a libre expresión.	CSC
6º-VSCB3.9.2-Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.	CSC
6º-VSCB3.9.3-Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.9.4-Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.	CSC/CSIEE/CCL
6º-VSCB3.10.1-Axuiza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.11.1-Axuiza criticamente os valores implícitos en diversas situacións, de acordo cos que constitúen a vida en común nunha sociedade democrática.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.11.2-Razoa a contribución de diferentes institucións, organizacións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	CSC/CCL
6º-VSCB3.12.1-Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española.	CSC/CCL
6º-VSCB3.12.2-Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.12.3-Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.	CSC/CSIEE

6º-VSCB3.13.1-Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade	CSC/CCL/CSIEE
6º-VSCB3.13.2-Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás.	CSC/CCL
6º-VSCB3.13.3-Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.	CSC/CCEC/CD/CC L/CSIEE
6º-VSCB3.14.1-Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.	CSC/CCL/CSIEE
6º-VSCB3.14.2-Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.	CSC/CAA
6º-VSCB3.14.3-Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.	CCL/CSC/CAA/CSI EE
6º-VSCB3.14.4-Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.	CSC/CD/CMCT/CC EC
6º-VSCB3.15.1-Razoa as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.	CCL/CAA/CSIEE
6º-VSCB3.15.2-Coñece as prácticas de primeiros auxilios.	CSC/CSIEE
6º-VSCB3.16.1-Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.	CD/CSC
6º-VSCB3.16.2-Analiza e enxuza criticamente os contidos do contorno dixital.	CCL/CAA/CSC
6º-VSCB3.17.1-Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.	CD/CSC/CSIEE
6º-VSCB3.17.2-Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.	CSC/CCEC/CDC
6º-VSCB3.17.3-Realiza exposicións axuizando criticamente hábitos de consumo innecesario.	CSC/CCL/CCEC/C SIEE
6º-VSCB3.18.1-Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación.	CSC/CSIEE/CAA
6º-VSCB3.18.2-Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións.	CSC/CCL
6º-VSCB3.18.3-Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.	CSC/CCL/CSIEE

4.2. Concrecións xerais sobre metodoloxía.

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa, significativa e participativa.

Estará dirixida ao logro das competencias clave, terá en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Buscaremos que o alumnado sexa quen de aprender a aprender.

Utilizaremos tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos reais.

Partiremos sempre que sexa posible, das experiencias do alumnado.

Desenvolveremos estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes.

Distribución do alumnado na aula.

Segundo a actividade a realizar a distribución do alumnado na aula será diferente:

- Parellas
- Individual.
- Grupos...

Traballo por proxectos.

En Educación Infantil traballarase por proxectos. Realizarase un proxecto en cada trimestre para o que se pedirá colaboración das familias.

A Biblioteca do centro proporá un proxecto para todo o Centro que será traballado en todos os niveis, normalmente este proxecto estará relacionado co Salón do Libro.

Cada nivel participará nos proxectos que crea oportuno.

Parte do profesorado está a participar nestes últimos dous cursos nun plan de formación en Centros sobre a **aprendizaxe cooperativa**. O profesorado participante está a realizar actividades cooperativas co alumnado.

4.3 Atención a diversidade.

4.3.1 Criterios xerais para os agrupamentos do alumnado.

- Proporcionalidade e equilibrio.
- Heteroxeneidade.
- Paridade.
- Separación de irmáns.
- Relacións sociais (liderado, illamento e rexeitamento).
- Áreas pendentes do nivel anterior, repeticións, adaptacións curriculares...
- Porcentaxe de escolares con relixión católica e valores sociais e cívicos.
- Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE):

- Necesidades Educativas Especiais. Se houbera un só caso de NEE grave nunha aula, intentar que tivera menos alumnado.
- Dificultades específicas da aprendizaxe.
- Condicións persoais e ou historia escolar.
- Trastorno por déficit de atención con hiperactividade.
- Incorporación tardía ou traslado de matrícula. Terase en conta o informe da avaliación inicial do Departamento de Orientación, titorías do nivel e Equipo Directivo.
- Altas Capacidades.

No artigo 8 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro (DOG 21/12/2011)*, dise que os **agrupamentos** son unha **medida ordinaria** e que contribúen á adecuación da **estrutura organizativa do centro**.

No punto 3, do capítulo IV “Alumnado”, da *Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02/09/97)* dise o seguinte:

3.1. O **agrupamento** dos alumnos será **mixto** e **flexible** e favorecerá a **coeducación** e a **aprendizaxe cooperativa, evitando** calquera tipo de **discriminación** por razón de raza, sexo, relixión, rendemento escolar, etc.

3.2. Na **formación** de **grupos** de alumnos **evitarase calquera clasificación** deles polos seus coñecementos, nivel intelectual ou rendemento, así como os grupos estables de recuperación, de repetidores ou de alumnos avantaxados.

Principios psicopedagóxicos.:

- Inclusión.
- Equidade.
- Prevención.
- Socialización.
- Individualización.
- Atención á diversidade.
- Igualdade de oportunidades.
- Democrático de convivencia.
- Esfuerzo individual e compartido.

Obxectivos da medida:

Ter en conta as distintas orixes das necesidades: persoais, sociais, económicas, culturais, xeográficas, étnicas ou de outra índole...

Axustar as actuacións educativas ás diferentes capacidades, ritmos, estilos de aprendizaxe propias de cada escolar.

Asegurar a non discriminación vendo a diferenza como algo habitual e positivo.

Ofrecer a igualdade efectiva no acceso e na permanencia ao sistema educativo preferentemente nas aulas ordinarias.

Advertir as dificultades de aprendizaxe e compensar as carencias de partida.

Conseguir que o alumnado alcance o máximo desenvolvemento posible no seu proceso cognitivo e nas súas competencias clave.

4.3.1.1 Criterios específicos de agrupamento en Educación Infantil.

Unidades de 3 anos:

Procurarase que exista un equilibrio de idade nas distintas unidades, de xeito que en todas elas haxa alumnado de maior idade e de menor idade (de xaneiro a xuño e de xullo a decembro)

Terase en conta a asistencia a gardería.

Resto das unidades:

De haber redución, ampliación ou modificación do número de unidades, a distribución de alumnado realizaraa a CCP, oído o correspondente equipo docente.

Ao ser un ciclo o grupo manterase xunto ata finalizar a etapa.

Na última xuntanza da CCP analizaranse os agrupamentos para incluír ao alumnado repetidor e de nova admisión, tendo en conta os criterios anteriores.

4.3.1.2 Criterios específicos de agrupamento en Educación Primaria.

No Claustro celebrado o 9 de maio de 2017 aprobouse que como mínimo un terzo e máximo un medio do alumnado cambiará de grupo cando pase de 6º de Infantil a 1º de Primaria, de 2º a 3º e de 4º a 5º de Primaria.

Procedemento

Elaboración polo Equipo Docente do nivel.

Asesoramento polo Equipo de Orientación.

Visto e prace do Equipo Directivo.

Aplicación da medida

No mes de xuño, nas sesións da terceira avaliación tomarase a decisión de forma colexiada e analizando os criterios anteriores.

As listaxes provisional de cada agrupamento faranse públicas na primeira semana de setembro.

Ao alumando que se incorpore ao longo do curso asignaráselle un aula provisional ata que o Departamento de Orientación lle faga a avaliación inicial e decida o grupo no que debe permanecer.

4.3.2 Criterios xerais para establecer os Reforzos Educativos.

Os criterios xerais para establecer os reforzos educativos integran un continuo de medidas. Darase prioridade ás medidas de carácter normalizador e xeral. As medidas extraordinarias só se utilizarán cando, unha vez esgotadas as vías anteriores, non existan outras alternativas.

Alumnado con necesidade específica de apoio educativo:

1.- Alumnado que presenta necesidades educativas especiais:

- Discapacidade física
- Discapacidade intelectual
- Discapacidade sensorial
- Trastorno de conduta
- TEA
- Plurideficiencia
- Trastornos graves da comunicación e de aprendizaxe

2.- TDAH

3.- Alumnado con dificultades específicas da aprendizaxe:

- Con trastorno de lectura, de escritura e/ou de cálculo
- Con desfase curricular
- Con outras dificultades

4.- Alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar:

- Dificultades psicolingüísticas
- Retraso madurativo
- Descoñecemento grave da lingua de instrución
- Situación de desvantaxe socio-educativa
- Con atención hospitalaria, atención domiciliaria, ...

5.- Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo

6.- Alumnado con altas capacidades intelectuais

4.3.3 Criterios xerais para establecer as intervencións de PT e AL.

Tras unha valoración do alumnado, dende o Departamento de Orientación fixaranse as directrices, os horarios e apoios, sempre suxeitas a posibles modificación en función das demandas e necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso.

A organización dos apoios fundamentarase nos seguintes **criterios**:

- 1.** Atención a alumnos/as que presentan afectacións máis graves e permanentes.
- 2.** Alumnado obxecto dunha ACS
- 3.** Atención a alumnos/as con dificultades de aprendizaxe que provocan actitudes negativas e que dan lugar a desinterese, condutas conflitivas, etc.
- 4.** Atención aos alumnos/as con dificultades nas aprendizaxes básicas e instrumentais, priorizando de 1º a 6º en Educación Primaria, e de 6º a 4º en Educación Infantil.
- 5.** Seguindo as directrices do Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, nos dous primeiros supostos será necesaria a intervención de profesorado especialista en PT e/ou AL.
- 6.** O apoio realizarase dentro da aula ordinaria sempre que sexa posible e atendendo ás características do alumnado. Serán levados a cabo polo profesorado con dispoñibilidade horaria, coa coordinación co Departamento de Orientación.
- 7.** Os apoios serán dirixidos a reforzar principalmente as materias instrumentais.
- 8.** Os tempos de apoio nunha determinada materia han de corresponderse co horario do seu grupo de referencia co fin de garantir a integración do alumno/a na súa clase.
- 9.** É fundamental e preceptiva a coordinación titor/profesor de apoio/orientadora.
- 10.** A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe e, de ser o caso, doutros profesionais específicos, será realizada pola Xefatura do Departamento de Orientación, coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de PT e AL.
- 11.** Tendo en conta a información de que dispoñemos sobre as características dos nosos alumnos/as, a análise da previsión de apoios realizada o curso anterior, os alumnos/as de nova matrícula susceptibles de apoio e o horario de asignación ao centro do profesorado especialista, farase unha primeira proposta, por parte do DO, dos alumnos/as susceptibles de recibir apoio por parte do profesorado de PT e/ou AL e aqueles que van recibilo por parte do profesorado ordinario.
- 12.** En función das características dos grupos-clase, xa constituídos, e das posibilidades reais que ofrezca o centro, o DO fará unha previsión dos tipos de apoio que conveña organizar (desdobres, agrupamentos flexibles, atención individualizada ou en pequenos grupos, etc.).
- 13.** Establecerase un calendario de reunións entre os titores/as, os profesores de apoio, a xefatura do DO e a xefatura de estudos do centro, para concretar os apoios (alumnos atendidos, espazos, tempos, áreas,...) que van impartir tanto os especialistas como os profesores ordinarios para completar horario.

14. As familias do alumnado que vai recibir algún tipo de apoio educativo, ben por parte do profesorado especialista ou ben por parte do profesorado ordinario, deberán ser previamente informadas polo profesor tutor sobre as medidas que se van a adoptar co seu fillo/a e dos obxectivos que se pretenden conseguir.

15. A comezos de cada curso levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Revisión e estudo da documentación relativa ao alumnado con NEAE por parte do profesor tutor e profesor/a de AL, PT e orientadora.
- Revisión dos expedientes académicos do alumnado, por parte dos profesores/as tutores/as de cada grupo e xefa do DO e, especialmente, aqueles que contaron con apoio ou reforzo educativo.
- Intercambio de comunicación entre o profesorado actual e o do curso anterior.
As intervencións de apoio educativo ao alumnado comezarán cando se realice o horario dos apoios.

16. Os apoios, por parte dos especialistas en PT e AL:

- Realizaranse dentro da aula cando non supoña unha alteración do desenvolvemento da clase e/ou o alumno/a poida seguir en certa medida os contidos da aula.
- Realizaranse fóra da aula para traballar aspectos concretos das necesidades do alumno e/ou cando a conexión coa programación da aula sexa escasa.
- Realizaranse en pequeno grupo cando as dificultades e necesidades que presentan os alumnos sexan similares.
- Procurarase que as horas de apoio do alumnado non coincidan co horario das áreas que favorecen a súa socialización ou que poidan seguir con menor dificultade (E. Física, Música, E. Artística).

4.4. Recursos e materiais.

Todos os materiais do Centro están a disposición dos docentes para darlles o uso necesario nas actividades que se realizan no Centro, tanto nas docentes coma nas complementarias e extraescolares.

Tamén utilizaremos o material que se considere interesante e necesario ofertado polo Concello, institucións provinciais e educativas.

Para a adquisición de novo material seguiranse os criterios que estime o profesorado coa supervisión do equipo directivo, tendo en conta as posibilidades de uso e traballo que ofrecen e o interese que o profesorado ten na súa utilización.

Farase especial fincapé na utilización das TIC (EDI e pc xa que cada aula dispón dun).

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2017/2018

Curso e etapa	Área Materia Módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua de edición
Infantil 3 anos		PROYECTO “¿LO VES?” - Cocina y alimentación / Varios / Edelvives / 2014	978-84-263-9189-6	CASTELÁN
Infantil 3 anos		PROYECTO “¿LO VES?” - El Huerto / Varios / Edelvives / 2017	978-84-140-0667-2	
Infantil 3 anos		NUBARIGENIO “PIENSA CON NUBA” - 3 años / 2 Trimestres / Varios / Edelvives / 2014	978-84-263-8823-0 978-84-263-8824-7	CASTELÁN
Infantil 4 anos		MÉTODO ABN de Matemáticas nivel 2 / Varios / Edelvives / 2016	978-84-678-3239-6	CASTELÁN
Infantil 4 anos	Inglés	SPLASH A / Vanesa Reilly / Ed. Oxford / 2012	9780194025164	INGLÉS
Infantil 5 anos	Inglés	SPLASH A / Vanesa Reilly / Ed. Oxford / 2012	9780194025164	INGLÉS
1º Primaria	MATEMÁTICAS	Matemáticas 1 “APRENDER ES CRECER” / Varios / Anaya / 2016	978-84-678-6503-5	CASTELÁN
1º Primaria	CIENCIAS NATURAIS	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2015	978-84-9046-042-9	GALEGO
1º Primaria	LECTOESCRITURA	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2015	978-84-263-9291-6	CASTELÁN
1º Primaria	LECTURA	Doce colores SAVIA / Varios / SM / 2014	978-84-675-7144-8	CASTELÁN
1º Primaria	INGLÉS	QUEST 1 Pupil's Book / Jeanette Corbett e Roisin O'Farrel / MacMillan / 2014	9780230478978	INGLÉS
1º Primaria	MÚSICA	MELODÍA 1 / Galinova / 2016	978-84-9737-229-9	CASTELÁN
2º Primaria	MATEMÁTICAS	Aprender es crecer / Varios / Anaya / 2016	978-84-678-7422-8	CASTELÁN
2º Primaria	GLOBALIZADO	Aprender é crecer / 3 Trimestres / Varios / Anaya / 2016	978-84-678-7717-5 978-84-678-7718-2 978-84-678-7719-9	GALEGO
2º Primaria	LECTURA	“12 sorpresas” / Proyecto Savia / Varios / SM / 2016	978-84-675-7913-0	CASTELÁN
2º Primaria	INGLÉS	QUEST 2 Pupil's Book / MacMillan / Jeanette Corbett e Roisin O'Farrel / 2011	9780230478985	INGLÉS
2º Primaria	MÚSICA	MELODÍA 2 / Grupo Editorial / Galinova / 2015	978-84-9737-246-6	CASTELÁN
3º Primaria	MATEMÁTICAS	Proyecto SABER HACER / Varios / Santillana / 2015	978-84-680-1286-5	CASTELÁN
3º Primaria	LINGUA CASTELÁ	APRENDER ES CRECER / Varios / Anaya / 2015	978-84-678-7884-4	CASTELÁN
3º Primaria	LINGUA GALEGA	APRENDER É CRECER / Equipo Caraveiro / Anaya / 2014	978-84-678-8655-9	GALEGO
3º Primaria	CIENCIAS SOCIAIS	Proxecto SABER FACER / Varios / Santillana / 2015	978-84-9972-474-4	GALEGO
3º Primaria	CIENCIAS NATURAIS	Proxecto SABER FACER / Varios / Santillana / 2015	978-84-9972-459-1	GALEGO
3º Primaria	INGLÉS	QUEST 3 Pupil's Book / Jeanette Corbett e Roisin O'Farrel / MacMillan / 2014	9780230477735	INGLÉS
3º Primaria	INGLÉS(Caderno)	QUEST 3 Activity Book / Jeanette Corbett e Roisin O'Farrel / MacMillan / 2014	9780230478695	INGLÉS
3º Primaria	RELIXIÓN	Religión 3º AGAPE / Edelvives / Carlos	978-84-263-9867-3	CASTELÁN

		Romera, Rafael Ruiz e outros / 2015		
4º Primaria	MATEMÁTICAS	Proyecto SABER HACER / Varios / Santillana / 2015	978-84-8305-609-7	CASTELÁN
4º Primaria	LINGUA CASTELÁ	Proyecto SUPERPIXÉPOLIS (SPX) / Varios / Edelvives / 2015	978-84-263-9613-6	CASTELÁN
4º Primaria	LINGUA GALEGA	Proxecto SUPERPIXÉPLIS (SPX) / Varios / Edelvives (Tambre) / 2015	978-84-9046-091-7	GALEGO
4º Primaria	CIENCIAS SOCIAIS	Proxecto SABER FACER / Varios / Santillana 2015	978-84-9972-425-6	GALEGO
4º Primaria	CIENCIAS NATURAIS	Proxecto SABER FACER / Varios / Santillana 2015	978-84-9972-638-0	GALEGO
4º Primaria	INGLÉS	QUEST 4 Pupil's Book / MacMillan /	9780230477742	INGLÉS
4º Primaria	INGLÉS (Caderno)	QUEST 4 Activity Book / MacMillan /	9780230478701	INGLÉS
4º Primaria	RELIXIÓN	Religión 4º AGAPE / Edelvives / Carlos Romera, Rafael Ruiz e outros / 2015	978-84-263-9869-7	CASTELÁN
5º Primaria	MATEMÁTICAS	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2014	978-84-263-9358-6	CASTELÁN
5º Primaria	LINGUA CASTELÁ	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2014	978-84-263-9353-1	CASTELÁN
5º Primaria	LINGUA GALEGA	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2014	978-84-904-6052-8	GALEGO
5º Primaria	CIENCIAS DA NATUREZA	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2014	978-84-904-6054-2	GALEGO
5º Primaria	CIENCIAS SOCIAIS	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2014	978-84-904-6056-6	GALEGO
5º Primaria	RELIXIÓN	Religión 5º AGAPE / Edelvives / Carlos Romera, Rafael Ruiz e outros / 2015	978-84-263-9871-0	CASTELÁN
5º Primaria	INGLÉS	QUEST 5 Pupil's Book / Emma Mohamed / MacMillan / 2014	9780230477759	INGLÉS
5º Primaria	INGLÉS (Caderno)	QUEST 5 Activity Book / Emma Mohamed MacMillan / 2014	9780230478718	INGLÉS
6º Primaria	MATEMÁTICAS	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2015	978-84-263-9648-8	CASTELÁN
6º Primaria	LINGUA CASTELÁ	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2015	978-84-263-9643-3	CASTELÁN
6º Primaria	LINGUA GALEGA	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2015	978-84-904-6097-9	GALEGO
6º Primaria	CIENCIAS DA NATUREZA	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2015	978-84-904-6099-3	GALEGO
6º Primaria	CIENCIAS SOCIAIS	SUPERPIXÉPOLIS / Varios / Edelvives / 2015	978-84-904-6101-3	GALEGO
6º Primaria	RELIXIÓN	Religión 6º AGAPE / Edelvives / Carlos Romera, Rafael Ruiz e outros / 2015	978-84-263-9873-4	CASTELÁN
6º Primaria	VALORES SOCIALES Y CÍVICOS	Valores Sociales y Cívicos 6º / Edelvives / José Mª Bautista Guadalupe / 2015	978-84-263-9754-6	CASTELÁN
6º Primaria	INGLÉS	QUEST 6 Pupil's Book / Emma Mohamed / MacMillan / 2012	9780230477766	INGLÉS
6º Primaria	INGLÉS (Caderno)	QUEST 6 Activity Book / Emma Mohamed / MacMillan / 2012	9780230478725	INGLÉS

Os libros de texto de 1º, 3º e 5º foron aprobados por parte da Inspección Educativa o 10 de xullo de 2014. Os dos restantes cursos foron aprobados en xullo de 2015.

4.5. Tratamento dos elementos transversais nas áreas/materias.

O artigo 11 da LOMCE “Elementos de carácter transversal” di textualmente “ Os elementos transversais a ter en conta con os establecidos no artigo 10 do Real decreto 126/2014 do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico de Educación Primaria”

O artigo 10 do real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro establece:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias.
2. As administracións educativas fomentarán a calidade equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade.
 - Teremos en conta todas aquelas medidas que sexan necesarias (medidas de flexibilización, alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares) conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.
 - Fomentarse a solidariedade con actitudes de axuda, colaboración, atención ás necesidades dos compañeiros...
3. As administracións educativas fomentarán o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

No noso Centro:

- Respetarase aos demais e a un mesmo.
 - Non se fará discriminación por razón de sexo.
 - Inculcarase a superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre mulleres e homes.
 - Promoverase o desenvolvemento de valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
 - Evitaranse os estereotipos sexistas e a discriminación por razóns de orientación sexual ou de identidade de xénero.
4. Fomentarse a aprendizaxe da prevención e resolución de pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
 - Educarase na tolerancia e respecto das opinións dos outros, saber esperar, perdoar, ver as cousas desde outro punto de vista....
 - Promoverase a resolución pacífica de conflitos.

- Fomentárase a responsabilidade sendo consecuentes coas obrigas e accións de cada un, cumprindo os acordos tomados, aceptando a maioría cando non hai consenso, etc
5. Os currículos de Educación Primaria incorporarán elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos da explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das TIC, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

No noso Centro:

- Respectaremos a contorna (natureza, xardíns, edificio, material escolar...).
 - Coidaremos as árbores do patio e as plantas do Centro.
 - Reciclaremos o papel e o plástico nas aulas e patio.
 - Fomentaremos actitudes de consumo responsable (alimentación, vestimenta...).
 - Participaremos no Plan Director e Navega con Rumbo sobre a correcta utilización das TIC.
 - Poremos en práctica simulacros de evacuación en caso de incendio.
6. Os currículos de Educación Primaria incorporarán elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor.

O alumnado do noso Centro participará en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7. As administracións educativas adoptarán medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte do comportamento infantil.

No noso Centro:

- Promoveremos a práctica de exercicio físico e a alimentación saudable.
 - Participaremos na campaña de consumo de froita na escola do FOGGA.
 - Participaremos nas actividades deportivas do programa xogade.
 - Ao principio de curso recomendaremos merendas saudables para o recreo.
 - Participaremos nas charlas e talleres sobre consumo de drogas, primeiros auxilios, hixiene postural... que nos sexan ofertadas.
8. As administracións educativas incorporarán elementos curriculares para a educación e seguridade viaria.
- Utilizaremos o cinto de seguridade en todas as saídas en autobús.
 - Nas saídas a pé iremos en parellas, pola esquerda e seguindo as indicacións dos mestres.
 - Respectaremos os semáforos, pasos de peóns, etc.
 - Participaremos na campaña de Educación Viaria do Concello (dúas charlas e unha práctica no circuíto de Mollabao).

4.6. Proxectos e programas nos que participa o centro.

4.6.1 Innovación e calidade educativa

a) Contratos programa

O Centro, coa finalidade de atenuar diferenzas significativas e lograr a equidade na educación desenvolvendo as capacidades de todo o alumnado conforme as súas posibilidades e circunstancias, ven a desenvolver nos derradeiros cursos o programa da consellería CONTRATO-PROGRAMA, coa actuación de Reforzo, orientación e apoio (PROA).

O programa está formado por 2 grupos: un de 3º e 4º de Primaria, cunha ratio de entre 10 e 15 alumnos/as, e outro de 5º e 6º de Primaria coas mesmas condicións.

Este curso 2017/2018 está impartido por profesorado externo ao Centro con contrato a media xornada, e complementando as horas de atención e acompañamento ao alumnado polas tardes cunha sesión de mañá para coordinación e apoios segundo as necesidades do Centro. Este profesorado será o encargado da apertura e peche do Centro polas tardes os días correspondentes e de acompañar ao alumnado dende o Centro ao transporte.

Este transporte realizarase con servizo de taxis, como en anos anteriores.

A selección de alumnado asistente ao programa, será proposta polo profesorado titor e o Departamento de Orientación.

As familias asumirán un compromiso de asistencia, ao longo da duración do programa.

Ás 18:00 h os taxis estacionarán dentro do recinto escolar na zona de bus. Esa zona debe quedar libre de alumnado e pais entre ás 17:45 e 18:15 se non é así os pais/nais que esperan polos seus fillos para recollelos despois das actividades extraescolares deberán esperalos na beirarrúa, fóra do recinto escolar.

O Centro participa nos contratos programa desde o curso 2009/2010.

b) Plan Proxecta

Recíclate con Sogama

No curso 2017/18 inscribímonos, dentro do Plan Proxecta, no programa Recíclate con Sogama pertencente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Este programa contribúe a acadar os beneficios ambientais, económicos e sociais que trae consigo a reciclaxe, entendida como a transformación dos refugallos en materias primas de utilidade para a fabricación de novos produtos.

A comunidade educativa participa activamente no sistema de recollida selectiva de residuos para posibilitar a súa reciclaxe e acadar os beneficios ambientais, económicos e sociais derivados da mesma.

Preténdese que o alumnado:

- Tome conciencia sobre a problemática que, a día de hoxe, representa a elevada produción de lixo, adquirindo as capacidades necesarias que permitan participar na súa solución.
- Interiorice a información necesaria para levar á práctica, tanto na escola como no fogar e contorna social máis inmediata, o principio comunitario dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe).
- Coñeza a actividade de Sogama en Galicia, tanto no ámbito industrial como no da comunicación e educación ambiental.

Para acadar os obxectivos o alumnado:

- Participará nos xogos lúdicos aportados por Sogama, tanto físicos como dixitais.
- Colaborará nos procesos de selección de residuos xerados polo Centro.
- Usará dos distintos contedores que conforman as illas de reciclaxe (amarelo, para envases de plástico, latas e briks; azul, para envases de papel e cartón; e verde, para a fracción resto -non reciclable-) posibilitando a recollida selectiva dos materiais contidos no lixo.
- Realizará unha enquisa aos seus familiares sobre a reciclaxe no fogar.

O programa levarase a cabo durante todo o curso, participará o alumnado de Educación Primaria.

c) Plan mellora Biblioteca Escolar.

O Centro está dentro do Plan Mellora de Bibliotecas Escolares desde o ano 2011. (Ver Anexo 1)

4.7 Materias de libre configuración.

Desde o curso 16/17, como temos recollido nos horarios do profesorado enviados na PXA, utilizamos a hora de Libre Configuración de 4º e 6º de primaria para traballar a competencia matemática. Centrémonos na atención, interpretación de datos, comprensión matemática e resolución de problemas de xeito máis lúdico.

4.8 Criterios para deseñar, seleccionar, organizar e avaliar as actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias realízanse co alumnado total ou parcialmente en horario lectivo. Estas actividades forman parte da PXA. A asistencia a elas é obrigatoria. Se algunha actividade implica un custo económico e algún alumno non puidera facer o gasto buscarase unha solución para que poida asistir á actividade.

Poden ser:

- Saídas e excursións.
- Obradoiros.
- Actividades deportivas
- Actividades culturais.
- Celebracións: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Letras Galegas, Fin de curso....
- Conmemoracións:
 - Día Universal da Infancia
 - Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
 - Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
 - Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
 - Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
 - Día da Non Violencia e da Paz.
 - Día Internacional da Muller.
 - Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
 - Semana da Prensa. Nesta semana traballarase na aula con xornais.
 - Día Mundial da Saúde.
 - Semana do Libro.
 - Día de Europa.
 - Día das Letras Galegas.
 - Día mundial do Medio Ambiente.
 - Celebrarase no mes de xuño (data a determinar) o Día pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Critérios para a selección das actividades.

Seleccionaremos as actividades segundo á súa contribución á consecución das competencias básicas.

1. Daremos relevancia ás saídas ao entorno, (Roteiros pola cidade, illa das esculturas, museos científicos da Coruña...)
2. Buscaremos actividades coherentes co desenvolvemento curricular, (educación viaria, visitas a policía local, bombeiros, panadería, mercado, biblioteca pública...)
3. Traballaremos tradicións galegas (Samaín, Magosto, xogos populares...)
4. Programaremos actividades que fomenten a colaboración entre niveis e ciclos (obras de teatro, lecturas dun nivel a outro, programa Namorando, ...)
5. Estaremos abertos ás propostas de institucións públicas, (Concello, teatro e concertos Abanca, conservatorio, teatro Principal, Salón do Libro, charlas Navega con rumbo e Plan Director...)

6. Propiciaremos as convivencias escolares (apadriñamentos lectores con outros Centros....)

As actividades serán coordinadas polo Xefe do Equipo de Actividades Complementarias e extraescolares.

O profesorado e alumnado asistente avaliará o resultado da actividade.

Folla de avaliación das actividades extraescolares e complementarias. (profesorado)

Actividade: _____

Cursos participantes: _____

Data de realización: _____

VALORACIÓN	PUNTUACIÓN				
A actividade desenvolveuse sen incidencias de ningún tipo.	1	2	3	4	5
OBSERVACIÓNS:					
O alumnado participante colaborou de activamente na actividade.	1	2	3	4	5
OBSERVACIÓNS:					
A actividade resultou interesante para o alumnado	1	2	3	4	5
OBSERVACIÓNS:					
A actividade permitiu alcanzar os obxectivos propostos.	1	2	3	4	5
A actividade foi axeitada en canto a:					
Data	1	2	3	4	5
OBSERVACIÓNS:					
Horario	1	2	3	4	5
OBSERVACIÓNS:					
Duración	1	2	3	4	5
OBSERVACIÓNS:					
Tempo de organización	1	2	3	4	5
OBSERVACIÓNS:					
Organización	1	2	3	4	5
OBSERVACIÓNS:					
Puntualidade	1	2	3	4	5
OBSERVACIÓNS:					
Suxestións de mellora					

Folla de avaliación das actividades extraescolares e complementarias. (alumnado)

Das seguintes actividades realizadas neste curso cales consideras interesantes:

Relación de actividades	SI	NON

Que actividades ou saídas te gustaría realizar co Colexio?

As actividades extraescolares realízanse en horario non lectivo. Serán ofertadas pola ANPA e impartidas por persoal cualificado e responsable. A ANPA fará o seguimento e avaliación das actividades ofertadas.

ANPA CELSO EMILIO FERREIRO - CEIP Xunqueira 1**HORARIO DE ACTIVIDADES CURSO 2017-2018**

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
PISCINA CAMPOLONGO 5º, 6º INFANTIL PRIMARIA 16:30 A 17:15H	BALONMAN TEUCRO 17:30 a 18:30 H PAVILLÓN OU EXTERIOR XUNQUEIRA I	INGLÉS "THE OUTBACK LANGUAGES" INFANTIL 16:30 A 17:30H AULA 4º INFANTIL XUNQUEIRA I	PISCINA CAMPOLONGO 5º, 6º INFANTIL PRIMARIA 16:30 A 17:15 H	INGLÉS "THE OUTBACK LANGUAGES" INFANTIL 16:30 A 17:30H AULA 4º INFANTIL XUNQUEIRA I
XOGANDO E CANTANDO EN INGLÉS 1º E 3º DE PRIMARIA 16:30 A 18:00 H COMEDOR XUNQUEIRA II	PISCINA RIAS DO SUR INFANTIL E PRIMARIA 16:30 A 17:15 H	INGLES "THE OUTBACK LANGUAGES" 1ª 3º PRIMARIA 16:30 A 17:30H AULA 4º INFANTIL XUNQUEIRA I	PISCINA RIAS DO SUR INFANTIL E PRIMARIA 16:30 A 17:15 H	INGLES "THE OUTBACK LANGUAGES" 1ª 3º PRIMARIA 16:30 A 17:30H AULA 4º INFANTIL XUNQUEIRA I
XOGANDO E CANTANDO EN INGLÉS INFANTIL 16:30 A 18:00H AULA XUNQUEIRA II	TEATRO INFANTIL E PRIMARIA 16:30 A 17:30 H SALÓN DE ACTOS XUNQUEIRA II	INGLÉS "THE OUTBACK LANGUAGES" 4º A 6º PRIMARIA 16:30 A 17:30H AULA EXTRAESCOLARES XUNQUEIRA I	PISCINA CAMPOLONGO 5º, 6º INFANTIL PRIMARIA 17:15 A 18:00 H	INGLÉS "THE OUTBACK LANGUAGES" 4º A 6º PRIMARIA 16:30 A 17:30H AULA EXTRAESCOLARES XUNQUEIRA I
TAEKWONDO PRIMARIA 16:30 A 17:30H PAVILLÓN XUNQUEIRA II	COCIÑA CREATIVA PRIMARIA 17:30 A 18: 30 H SALÓN DE ACTOS XUNQUEIRA I	GUIARRA PRIMARIA 16: 30 A 17: 30 H SALÓN DE ACTOS XUNQUEIRA I	DEBUXO E PINTURA PRIMARIA 16: 30 A 17: 30 H SALÓN DE ACTOS XUNQUEIRA I	
CORO XUNQUEIRA I 16:30 A 17:30 H AULA DE MÚSICA XUNQUEIRA I	BAILE MODERNO INFANTIL E PRIMARIA 16: 30 A 17:30 H XIMNASIO XUNQUEIRA I	OBRADOIRO DE ROBOTICA LEGO 1º A 6º PRIMARIA 16: 30 A 17: 30 H AULA DA ANPA XUNQUEIRA I	INICIACIÓN OS DEPORTES DE EQUIPO INFANTIL 16: 30 A 17: 30 H COMEDOR E PATIO CUBERTO XUNQUEIRA II	
			PATINAXE PRIMARIA 16:30 A 17:30 H PABELLÓN XUNQUEIRA II	

4.9 Pautas e criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

Entendemos como tarefas extraescolares os traballos extra que o profesorado asigna ao alumnado para realizar fóra do horario lectivo, nun prazo determinado e cuns obxectivos académicos e formativos predeterminados.

Poderán propoñerse traballos escolares para reforzar e afianzar aprendizaxes xa traballados na aula, tarefas de lectura e preparación previa dos temas, de investigación e procura de información,

de repaso, estudo e preparación de controis... Ademais das tarefas que facemos na aula e algún alumno non dá rematado.

Estas actividades serven para que o alumnado mellore o rendemento escolar, aprenda a aprender e poña en práctica técnicas de estudo e traballo persoal, desenvolvendo a iniciativa, fortalecendo a autoestima e potenciando a autonomía e responsabilidade.

A disposición adicional terceira do Decreto 105/2014 do 14 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia indica que os centros, dentro do seu marco de autonomía pedagóxica e organizativa, establecerán na PXA as pautas e criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

Criterios xerais:

- Existirá coordinación entre o profesorado que imparte docencia no mesmo grupo de tal xeito que a carga de traballo sexa equitativa e non excesiva.
- Os titores fixarán criterios con respecto as áreas que imparten de xeito que non acumulen tarefas extraescolares de distintas materias nun mesmo día (enténdese que o que non remataron na clase deben rematalo).
- Evitarase que coincidan na mesma data dúas probas.
- Todas estas actividades serán tidas en conta a efectos de avaliación.

De xeito singular atenderase con estas proposta a aqueles alumnos que por ausencia prolongada ou outras razóns, non poidan seguir o ritmo normal de traballo.

Desenvolveranse estes criterios, cada curso, na PXA, atendendo á realidade do Centro e do alumnado e considerando o establecido no decreto 105/2014 respecto da conciliación da vida persoal e familiar e o tempo de lecer do alumnado.

4.10 Organización do período de adaptación na etapa de infantil (3 anos)

O alumnado de tres anos que se incorporan ao Centro fará o seu ingreso na escola de forma graduada tal como recolle a lexislación vixente. O período de adaptación farase nos primeiros días de setembro e respectarase o período legal establecido pola orde que regula o calendario escolar de cada curso.

Os criterios que marca ademais o noso Centro son:

- A titora elaborará un calendario individualizado e valorará o horario que mellor lle convén a cada neno/-a en particular.
- O horario será flexible. Neste período o alumnado non acudirá á clase cos especialistas. De ser viable esta posibilidade, a titora acompañaraos e estará presente na clase co especialista

que sexa, co fin de crear un vínculo de tranquilidade e seguridade. No período de recreo a titora, deberá estar con eles, polo menos un tempo razoable ata que o alumnado se sinta seguros neste espazo.

Será obrigatorio o uso do mandilón da cor asignada (azul, vermella ou verde) manterase durante toda a Educación Infantil.

4.11 Canais de comunicación coas familias e alumnado

As relacións entre pais, alumnado e profesores deben ser fomentadas nunha actitude de comprensión e colaboración entre os tres sectores da Comunidade Educativa.

Tódalas normas e información de interese (programacións, NOFC, PEC, PXA...) estarán a disposición da Comunidade Escolar na web do Centro.

Como sistema de información aos pais dos alumnos sobre a evolución da aprendizaxe e a súa marcha escolar, utilizaremos as canles seguintes:

- Axenda escolar ou Abalar Móbil.
- Boletín informativo de avaliación do rendemento de cada trimestre (Nadal, Semana Santa e Xuño).
- Reunión conxunta coas familias do nivel.
- Reunións individuais familia -titor- mestres cando as circunstancias especiais o requiran.

4.12. Criterios xerais da avaliación da practica docente e do proceso ensinanza -aprendizaxe. Concreción dos indicadores de logro.

4.12.1 Avaliación do alumnado

A avaliación en Educación Infantil terá como referencia o establecido na Orde do 25 de xuño de 2009 polo que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación na Educación Primaria terá como referencia o establecido na Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.12.2 Datas das avaliacións

Trimestralmente cada ciclo/nivel celebrará a súa sesión de avaliación. A esta sesión, a parte dos profesores tutores, asistirá todo o profesorado especialista que imparta docencia nese nivel.

A sesión de avaliación será presidida por un membro do Equipo Directivo. O titor levantará acta da avaliación do seu grupo de alumnos na que se reflectirán os resultados e incidencias máis salientables dese trimestre. Esta acta será asinada polo titor/a do alumnado e entregárase á Xefatura de estudos. Cada profesor/a poderá facer constar na acta aquelas observacións que considere oportunas. Utilizaremos o modelo de acta do XADE.

Os mestres especialistas facilitarán as cualificacións do alumnado, introducindoas eles mesmos no Xade, con tempo suficiente para que o titor poida levar impresa a acta o día da avaliación.

As datas das reunións de avaliación serán fixadas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica a principios do mes de setembro e posibilitarán a asistencia dos profesores especialistas ás mesmas. Tamén se fixarán as datas de entrega dos boletíns informativos ás familias do alumnado.

No terceiro trimestre, xunto coas cualificacións, os titores achegaran unha serie de orientacións para o verán e fixarase unha semana, previa cita, para que as familias poidan consultar dúbidas sobre as notas ou as orientacións.

4.12.3 Avaliación inicial.

Educación Infantil.

Cando o alumnado se incorpore ao segundo ciclo de Educación Infantil, as persoas titoras do grupo realizarán unha avaliación inicial de cada un. Nesta avaliación recolleranse os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, terá en conta os datos relevantes achegados pola familia na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar.

Esta avaliación completarase coa información obtida da observación directa do profesorado sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva durante o período de adaptación ao Centro.

O equipo de ciclo adoptará as decisións relativas ao tipo de información que se precisa recoller na avaliación inicial, sobre as técnicas e instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a información obtida.

Educación Primaria.

Ao comezo de cada nivel realizarase unha avaliación inicial que será subida ao XADE, na que se recollerán os datos máis destacados sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva.

A avaliación inicial tamén se realizará sempre que un alumno se traslade dun centro a outro. Cando isto suceda ao longo do curso se lle asignará ao alumnado un aula provisional ata que sexa avaliado polo Departamento de Orientación.

4.12.4 Criterios xerais de promoción do alumnado de curso/etapa.

Durante este curso 2017/2018 estamos a elaborar os mínimos necesarios para superar cada materia en cada nivel.

Estes mínimos serán incluídos nas programacións.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro e final de primaria.

O alumnado promocionará sempre que acade o desenvolvemento das competencias clave e un axeitado grao de madurez. Tamén accederá ao nivel/etapa seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente as novas aprendizaxes.

Se non acada as competencias claves nin o grao de madurez axeitado á súa idade permanecerá un ano máis no nivel/etapa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

4.12.5 Protocolo para a elaboración de plans específicos para alumnado que permaneza un ano mais no curso.

Para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso deseñárase un conxunto de medidas e actuacións orientadas á superación dos aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das competencias.

O equipo docente fixará as aprendizaxes imprescindibles para seguir aprendendo e elaborarán instrumentos para a avaliación do alumnado con respecto a ditos aprendizaxes. Para iso, os titores deseñarán un plan de traballo específico para ese alumno ou alumna, realizarán o seguimento do proceso de aprendizaxe e manterán informada á familia.

No plan, en base ás dificultades de aprendizaxe e asesorados polo Departamento de Orientación, proporanse, cando sexa pertinente, as medidas de atención á diversidade que mellor dean resposta ás dificultades de aprendizaxe detectadas. O profesorado especialista colabora cos titores no deseño e desenvolvemento do plan de traballo.

Ao comezo de cada curso, no mes de setembro, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, na avaliación inicial o punto máis importante é obter a maior información sobre o grao de desenvolvemento das competencias. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais dos cursos anteriores que se atoparán en cada un dos seus expedientes e a información obtida tras a reunión coas familias.

Analizaranse as causas polas que o alumno/a repite que poden ser diversas como: dificultade de aprendizaxe, traballo insuficiente, deficiencias intelectuais, pouco apoio por parte da familia..., e en función da que sexa ou das que sexan adoptaranse as decisións e accións oportunas. Accións ou medidas que se poden adoptar son:

- Reforzos Educativos.
- Apoios dentro ou fóra da aula.
- Creación de hábitos de Traballo.
- Técnicas de Estudo.
- Atención individualizada.
- Contacto coas familias.
- Agrupamentos específicos.
- Apoios dun especialista ben de PT ou AL - Audición e Linguaxe.

Os reforzos a grupos reducidos faranse na aula sempre e cando non entorpezan o normal desenvolvemento das sesións e seguindo o criterio establecido polo titor/a, o mestre de Pedagogía Terapéutica e/ou os outros profesores/as que van intervir con ese grupo de alumnos e alumnas, tendo en conta as directrices establecidas ao efecto no Departamento de Orientación. Esta Avaliación Inicial será o punto de partida ou a referencia para adoptar as medidas máis adecuadas ao alumno/a.

A orientadora asesorará sobre a elaboración do plan e no seguimento do proceso de aprendizaxe.

4.12.6 Criterios xerais para tratamento das materias pendentes.

Vai dirixido ao alumnado que ten áreas non superadas do nivel ou niveis anteriores.

Obxectivo:

1. Asegurar que todo o alumnado acade os obxectivos da educación básica, proporcionando os apoios necesarios para un adecuado grao de adquisición das competencias básicas.
2. Planificar a intervención coordinada do profesorado e asegurar a colaboración das familias, para dar resposta ás necesidades de apoio de cada alumno o alumna.

Proceso:

- Ao finalizar o curso o equipo docente, asesorado pola orientadora, valorará as causas que motivan dicha decisión e recollerá información relevante (nivel curricular, necesidades detectadas e as indicacións que considere oportunas para o éxito académico do alumno/a...). Con todo elo elaborará un informe de final de curso con fin de organizar el reforzo educativo o vindeiro curso.
- O novo equipo docente, coa asesoría da orientadora e a partir do informe elaborado polo equipo anterior, concretará el Plan individual de reforzo educativo partindo dos obxectivos ou criterios de avaliación non superados o curso anterior

No traballo de aula realizarase un seguimento personalizado de cada alumno/a por parte de todo o profesorado que intervén no grupo, co obxecto de comprobar a efectividade das accións planificadas ou a recondución das mesmas. O equipo docente realizará un seguimento do grao de cumprimento do plan individual na CCP: valoraranse os avances conseguidos e incorporaranse cantas modificacións se consideren oportunas.

- El equipo docente realizará una avaliación final do Plan de Reforzo e Recuperación tendo en conta a lo menos os seguintes aspectos:
 - Grao de cumprimento e valoración das accións planificadas.
 - Progreso na adquisición de competencias e resultados académicos conseguidos polo alumno/a.
 - Colaboración e comunicación coa familia.
 - Necesidade de continuar co plan o seguinte curso.

Cando algunha das áreas non aprobadas se superen en cursos posteriores, consideraranse recuperadas a todos los efectos.

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

NOME E APELIDOS:

CURSO:

TITOR/A:

DATOS XERAIS:

APOIOS RECIBIDOS
ÁREAS NON SUPERADAS DO CURSO ACTUAL (Se é repetidor)
SE É O CASO, ÁREAS NON SUPERADAS DE CURSOS ANTERIORES

COMPETENCIAS:

Grao en que se acadaron as competencias clave, en base aos indicadores de competencias do curso:

Comunicación lingüística: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: Competencia dixital: Aprender a aprender: Competencias sociais e cívicas: Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: Conciencia e expresións culturais:

CONTIDOS:

Contidos mínimos para as áreas non superadas:

--

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Estándares que se consideran necesarios para que poida superar o curso:

--

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS

--

RECURSOS MATERIAIS

--

TIPO DE APOIO ACTUALMENTE

--

SUXESTIÓN PARA AS FAMILIAS

--

Avaliación do plan de reforzo e recuperación

O desenvolvemento do plan de reforzo e recuperación deberá ser obxecto de avaliación ao finalizar cada trimestre e o curso escolar.

InAvaliación trimestral do plan de reforzo e recuperación

	1	2	3	4
1. Os resultados da avaliación melloraron comparados cos resultados das avaliacións anteriores ao inicio do plan.				
2. Os resultado da avaliación das áreas traballadas foron positivos.				
3. O alumno participou activamente na aula.				
4. Mellorou a calidade dos traballos escolares .				
5. Facilitouse a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo e na aprendizaxe de técnicas de estudo.				
6. Contouse co apoio e implicación da familia no traballo do alumno.				
7. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
8. O alumno incrementou as súas expectativas académicas .				
Dificultades detectadas e propostas de mellora:				

1 Desacordo co cumprimento do criterio

2 O criterio cúmprese parcialmente

3 O criterio cúmprese suficientemente

4 De acordo co cumprimento do criterio

I Avaliación final do plan de reforzo e recuperación

	1	2	3	4
1. Incrementou o número de alumnos que promociona á Etapa de Secundaria.				
2. Incrementou o número de alumnos que promociona de nivel.				
3. Incrementou número de alumnos que recupera áreas ou aprendizaxes non adquiridos				
4. Melloraron os resultados académicos do alumnado participante no plan.				
5. Potenciáronse estratexias de animación á lectura.				
6. Potenciáronse estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.				
7. Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.				

4.12.7 Procedemento de revisión e de reclamacións ao longo do curso e as cualificacións finais.

As familias do alumnado teñen dereito a recibir información sobre a súa evolución académica.

Se non están conformes coas cualificacións asignadas ao seu fillo ao final dun ciclo/nivel poderán presentar unha reclamación por escrito, no prazo de cinco días desde a entrega das mesmas, ante o Director/a na que expliquen ás razóns nas que fundamenten a súa solicitude.

Poderanse consultar (polas persoas anteditas) os controis escritos (se se realizasen), para o cal o profesorado correspondente deberá gardar estas probas quince días a partir do inicio do prazo de reclamación.

A Dirección do Centro nomeará unha comisión presidida polo Xefe/a de Estudos e integrada polo coordinador/a do ciclo/nivel e tódolos profesores do correspondente equipo de avaliación que, no prazo de tres días desde a presentación da reclamación, deberá adoptar a correspondente decisión, que será comunicada de inmediato ao reclamante.

No caso de que persista a desconformidade contarán cun prazo de dez días para presentar recurso ante o/a Xefe/a Territorial (Pontevedra) da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Cando unha reclamación ou recurso sexa estimado procederá a rectificar a cualificación mediante dilixencia do Secretario/a co visto e prace do Director/a, facendo referencia á resolución adoptada.

4.12.8 Criterios xerais do outorgamento de Mencións Honoríficas.

Poderase propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica ao alumnado que obtivera sobresaínte ao rematar Educación Primaria nunha área ou áreas determinadas e que demostre un rendemento académico excelente. Ademais terase en conta para outorgala a súa capacidade de traballo en grupo, colaboración cos demais e o seu modo de interactuar con todos os compañeiros/as.

4.13 Decisións e criterios xerais na elaboración e avaliación das Programacións didácticas ,

Para a elaboración das programacións didácticas seguiremos a normativa vixente e as indicacións recibidas do Servizo Inspección Educativa.

As programacións didácticas entregaranse en Xefatura de Estudos nos primeiros 15 días de setembro para envialas posteriormente a Inspección por correo electrónico.

As programacións deberán ter un índice ao comezo e estar paxinadas.

Educación Infantil

O profesorado de Educación Infantil elaborará a programación de cada un dos niveis. Contarán polo menos cos seguintes elementos:

- Diagnóstico do contexto e do alumnado.
- Contribución das materias ao logro das competencias básicas.
- Obxectivos didácticos a alcanzar.
- Contidos das áreas:
 - Coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal.
 - Coñecemento do contorno.
 - Linguaxes.
- Metodoloxía, estratexias didácticas e organización de traballo.
- Materiais e recursos necesarios.
- Medidas de atención á diversidade.
- Actividades e experiencias que o alumnado realizarán.
- Distribución de tempos.
- Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación.
- Actividades complementarias e extraescolares.

Educación Primaria

As programacións serán elaboradas polo profesorado titor do nivel (lingua Galega e Castelá, Matemáticas, Ciencias Sociais e Naturais e Valores) o profesorado especialista elaborará as programacións de Inglés, Artística, relixión e Educación Física. Constarán dos seguintes puntos:

1. Introducción e contextualización
2. Táboa cos criterios de avaliación, contidos, obxectivos, actividades, metodoloxía e temporalización.
3. Táboa cos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencia clave, instrumentos de avaliación e criterios de corrección.
4. Procedementos de avaliación.
5. Criterios de cualificación.
6. Directrices e instrumentos para realizar a avaliación.
7. Medidas de atención á diversidade
8. Programación da educación en valores.
9. Accións de contribución ao plan TIC.
10. Accións de contribución ao plan de convivencia.
11. Accións de contribución ao proxecto lector.

12. Accións de contribución ao proxecto lingüístico.
13. Mínimos exixibles e actividades de reforzo/recuperación.
14. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.
15. Actividades complementarias e extraescolares.
16. Procedementos para avaliar a propia programación.

Revisión da programación

As programacións revisaranse ao finalizar cada trimestre establecendo os mecanismos necesarios de axuste.

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos na programación, introducíndose as medidas correctoras oportunas.

O **proceso a seguir** será o seguinte:

- Análise e avaliación nas reunións de ciclo.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria Final de Curso que á súa vez servirá de base para a PXA do curso seguinte.
- Como instrumentos de avaliación utilizaremos: cuestionarios, entrevistas, observación directa e análise de tarefas.
- Terase en conta:
 - A participación e implicación do profesorado na execución da mesma.
 - O grao de satisfacción dos diferentes membros da comunidade escolar coa súa aplicación.
 - A consecución dos obxectivos establecidos.
 - O nivel de utilización e aproveitamento dos diferentes materiais e instrumentos do Centro.
 - As taxas de avaliación satisfactoria e o fracaso escolar.
- Procederase ás seguintes correccións:
 - Adaptar obxectivos, contidos, actividades e utilización de recursos e material didáctico.
 - Establecer os programas de recuperación correspondentes en cada área, materia ou nivel.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA				
CRITERIOS	1	2	3	4
Os obxectivos corresponden ao currículo do nivel				
Adecuación dos obxectivos ás características do alumnado.				
Contribución da materia ás competencias básicas.				
A selección de contidos da área está de acordo co desenrolo evolutivo do alumnado.				
Os criterios de avaliación correspóndense cos obxectivos.				
Os procedementos de avaliación utilizados adecúanse ao alumnado e a materia.				
As aprendizaxes básicas para alcanzar unha avaliación positiva son congruentes cos obxectivos.				
A metodoloxía utilizada favorece as aprendizaxes dos alumnado.				
Os materiais utilizados facilitan unha aprendizaxe significativa e funcional.				
Utilízanse as TICs no traballo da aula.				
Prográmanse variedade de actividades complementarias e extraescolares.				
Existen mecanismos favorecedores das normas de convivencia que permitan un desenvolvemento adecuado ds actividades de clase				

1 Desacordo co cumprimento do criterio

2 O criterio cúmprese parcialmente

3 O criterio cúmprese suficientemente

4 De acordo co cumprimento do criterio

As valoracións rexistraranse nunha lista de control en base aos seguintes **criterios**:

ESCALA DE VALORACIÓN PARA A AVALIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS			
UNIDADE:	Si	Non	As veces
O alumnado interésase polo tema proposto?			
A metodoloxía é eficaz para a participación activa de todo o alumnado?			
As actividades contribúen ao desenvolvemento das competencias clave?			
As actividades contribúen ao logro dos estándares de aprendizaxe?			
O alumnado segue o ritmo de traballo previsto?			
Hai alumnado que precisa reforzo?			
Refórzase ao alumnado que o precisa?			
O alumnado utiliza suficientemente os recursos previstos?			
Os materiais utilizados foron suficientes, motivadores e atractivos?			
A organización do espazo foi adecuada ao grupo?			
Hai relación entre a UD e os plans e proxectos do Centro?			
Foi suficiente o tempo empregado no desenrolo da unidade?			
Debe modificarse algún aspecto dos elementos programados?			
OBSERVACIÓNS:			

CUESTIONARIO PARA O ALUMNADOS SOBRE O DESENVOLVEMENTO DA UNIDADE			
UNIDADE:	Si	Non	As veces
Gustouche o tema?			
Resultouche complicado realizar as diferentes actividades?			
Participaches activamente nas actividades propostas?			
Aprendiches cousas novas?			
Traballaches diariamente?			
Trouxeches diariamente o material necesario?			
Gustouche a forma de traballo proposta?			
Pediches axuda á mestra cando o precisaches			
Aprendiches cousas novas dos compañeiros traballando en grupo?			
COMENTARIOS:			

4.14. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

InIndicadores de logro do proceso de ensino.

	1	2	3	4
O nivel de dificultade foi axeitado ás características do alumnado.				
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
Consegiuse a participación de todo o alumnado.				
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.				
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado na aula.				

InIndicadores de logro da práctica docente

	1	2	3	4
Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa				
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
Combínase traballo individual e en equipo.				
Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
Poténcianse estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua (probas, traballos, exposicións...)				
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
Desenvolvéronse as actividades complementaria s previstas.				
Os mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos foron axeitados.				
Os mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción foron axeitados.				
Revisouse o a programación ao longo do curso.				
A materia contribuíu ao plan lector do Centro.				

1 Desacordo co cumprimento do criterio

2 O criterio cúmprese parcialmente

3 O criterio cúmprese suficientemente

4 De acordo co cumprimento do criterio

5. ACCIÓN TITORIAL

Concíbese a orientación educativa como o proceso continuo de apoio e asesoramento aportados polo sistema educativo ao alumnado sobre os aspectos escolares, persoais, académicos e profesionais.

Concédese á expresión “orientación educativa” un sentido amplo, que abarca as actuacións de orientación desenvoltas polo sistema educativo tanto no ámbito propiamente escolar e curricular coma as levadas a cabo a través da acción titorial e en relación coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional.

A orientación aportada no ámbito educativo debe centrarse no logro do mellor axuste da resposta educativa ás características de cada alumno/a. Por esta vía dáse resposta ás necesidades que teñen todos os alumnos de ser asesorados e axudados nas distintas vertentes durante o seu proceso de escolarización.

A orientación constitúe unha vertente de actuación que completa e complementa á acción estritamente docente e propicia que o alumno logre unha educación integral.

O presente Plan susténtase nuns principios e criterios que son utilizados como punto de referencia para a interpretación da situación e delimitación dos obxectivos e medidas a desenvolver. Poden resumirse da seguinte forma:

- **Globalidade.** Concíbese a orientación educativa como unha actividade necesaria para dotar á educación do alumno/a dun carácter global. A acción educativa implica a planificación e impartición duns contidos, pero considerando o proceso desde unha perspectiva ampla e global. A orientación contribúe a preservar esta dimensión global da educación, propiciando o desenvolvemento integral do alumno/a como persoa.
- **Xeneralización.** A relevancia da acción orientadora fai que se deba levar a cabo de forma xeneralizada, aplicándose ao conxunto do alumnado.
- **Continuidade.** Concíbese a orientación como un proceso continuo, que se realiza de xeito permanente durante toda a escolarización do alumno/a, aínda que se intensifica en determinados momentos de transición e toma de decisións.
- **Sistematicidade.** A acción orientadora será desenvolvida de forma sistemática, sendo obxecto en cada caso dunha planificación, desenvolvemento e avaliación en función dos obxectivos propios do ámbito educativo.
- **Adecuación.** A intervención perseguirá a adecuación ás características de cada caso, polo que se levará a cabo con criterios de gran flexibilidade e adaptabilidade.
- **Prevenición.** As accións que se levarán a cabo non se limitarán á intervención e compensación das dificultades xa existentes, senón que contemplarán a súa prevención para diminuír o risco de aparición nun futuro.
- **Personalización.** A orientación é un factor que debe propiciar a personalización do proceso educativo. Procurarase unha atención orientadora específica que considere as necesidades educativas propias do alumnado, en función das súas diferenzas en capacidades, motivacións, intereses e circunstancias particulares.
- **Corresponsabilidade.** A orientación educativa é responsabilidade de toda a comunidade educativa, aínda que as funcións e responsabilidades son diferentes para os distintos integrantes.

Planificación xeral:

Composición do Departamento.

De acordo co establecido no Art. 38 do Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centro públicos integrados de ensinanza non universitarias, constitúese na primeira quincena do mes de setembro o Dpto. de Orientación para o curso escolar 2017/18, que estará composto por:

- A Orientadora

- O mestre especialista en Pedagogía Terapéutica
- A mestra especialista en Audición e Linguaxe
- Unha mestra itinerante especialista en AL (1 día no centro)
- A Coordinadora do segundo ciclo de E.I.
- Seis coordinadores de nivel de Ed. Primaria, designados pola Dirección.
- A Xefa de Estudos
- Completan o Dpto:
 - Unha persoa coidadora
 - Unha intérprete da linguaxe de signos

Plan de reunións do Departamento.

Os membros deste Departamento reunirse unha vez ao mes.

Fixaranse reunións semanais da xefa do Dpto. cos respectivos mestres de PT e AL.

Tamén haberá unha reunión trimestral, como mínimo, co Dpto. de Orientación do IES A Xunqueira 1 ao que este Centro está adscrito.

Obxectivos xerais do Departamento de Orientación.

O Departamento de Orientación desenvolverá as súas funcións naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, tanto no ámbito académico como persoal, e a súa finalidade é a de impulsar o desenvolvemento integral do alumnado, e optimizar, tanto os procesos de ensino-aprendizaxe, como de axuste e equilibrio persoal e social partindo da análise previo da situación, e establecendo, coa colaboración e axuda de todos os recursos humanos dispoñibles, as estratexias de intervención axeitadas para solucionar ou paliar, na medida do posible, as necesidades detectadas e establécense os seguintes obxectivos dentro das súas competencias:

En relación co alumnado

- Valorar as necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que sexan detectadas na avaliación do alumnado e deseñar programas específicos de intervención, así como revisión de medidas de apoio.
- Seguimento do alumnado dos diferentes niveis e etapas educativas, así como a coordinación entre E.Infantil- E. Primaria-E.S.O.

Accións prioritarias:

- De acordo ás directrices emanadas da Orde 24/07/98 (Art. 13) e das Circulares da Dirección Xeral de O. E. e F. Profesional, elaborar propostas do plan de orientación académica e de acción tutorial incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado, priorizando, entre outros, na mellora do clima da convivencia nos centros, na promoción de condutas tolerantes, na atención á diversidade nunha sociedade multicultural, así como na

potenciación das materias instrumentais do currículo e fomento da posta en valor da cultura do esforzo polo aprendizaxe.

- Asesoramento ao alumnado.
- Diseñar medidas encamiñadas á identificación temperá de NEAE e á prevención de dificultades na aprendizaxe, tanto por condicións desfavorables, como de sobredotación.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas que procedan e participar no deseño de medidas de atención á diversidade e específicas, como adaptacións do currículo e reforzos.
- Fomento e colaboración no seguimento, avaliación e revisión dos plans de acción tutorial.

En relación co profesorado, centro e familias:

- Asesoramento aos equipos docentes e ao equipo directivo en temas de avaliación, promoción e titulación.
- Orientación ás familias na tarefa educadora.
- Implicar aos pais/nais ou tutores legais nas actividades, sobre todo no apoio á aprendizaxe.
- Participar na modificación, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo para a atención á diversidade.
- Recopilación de material bibliográfico-técnico e de reeducación e tratamento de dificultades de aprendizaxe, para poñer a disposición do profesorado.
- Analizar as medidas de atención á diversidade, coa periodicidade establecida.
- Asesorar nos apoios e reforzo educativo en xeral ao profesorado, respecto aos distintos niveis de dificultade, así como naquéloutros onde exista un desfase entre a idade cronolóxica e o nivel académico, ou cando se trate de alumnado con NEAE, e, en xeral, calquera tipo de problemática.
- Facilitar á comunidade educativa os apoios e asesoramento necesarios para os momentos escolares máis decisivos, ou de maior dificultade, tales como:
 - Ingreso no centro
 - Cambio de nivel ou etapa
 - Promover accións de colaboración para atender á atención á diversidade no centro
 - Fomentar a colaboración entre a familia e a escola.
- Colaboración con outros departamentos de orientación da zona, co equipo de orientación específico, cos servizos sociais do concello e con calquera outra institución pública ou privada que poida contribuír a un mellor asesoramento e formación de calquera dos compoñentes da comunidade educativa.

Actividades.

A nivel xeral, as actividades que abarcará este Dpto de Orientación son:

- Atención temperá dos alumnos dos primeiros cursos, para detectar e identificar posibles necesidades que poidan amosar os nenos/as a estas idades.
- Avaliación dos alumnos/as de diferentes niveis, pendentos de revisión e valoración psicopedagóxica. Farase atendendo a criterios de prioridade, segundo a natureza dos déficits, nivel escolar e nivel de desadaptación dentro do grupo.
- Realización de informes psicopedagóxicos, ditames necesarios segundo a lexislación vixente, etc.
- Avaliación de dificultades visuais en nenos/as de 5 anos, empregando material específico segundo o caso, facilitado pola especialista en deficiencias sensoriais do Equipo de Orientación Específico.
- Colaboración e asesoramento ao profesorado nas medidas de reforzo, atención á diversidade, adaptacións curriculares ..., así como na planificación e organización dos apoios.
- Colaboración naquelas propostas ou decisións que se leven a cabo dentro dos contextos do PEC e do PCC.
- Asistencia ás sesións de avaliación, con voz pero sen voto, incidindo máis no caso de aqueles alumnos/as nos que houbera intervención directa por parte do Dpto.
- Analizar periodicamente os resultados da atención á diversidade, de cara a facer un seguimento e avaliación dos mesmos.
- Elaboración de plans de acción concretos, dirixidos ao alumnado que amosa problemas de lectoescritura e dificultades nas materias instrumentais.

Avaliación do plan.

A avaliación do plan levarase a cabo en dous momentos.

- Durante o seu desenvolvemento, o que permitirá realizar as oportunas modificacións.
- Ao rematar o curso escolar, para valorar o grao de consecución dos obxectivos e propoñer melloras de cara o vindeiro curso.

Esta avaliación realizarase a través das reunións periódicas dos titores/as co Dpto. de Orientación e a Xefatura de estudos, dende onde se articularán os recursos persoais e materiais e se proporcionarán asesoramento e apoio necesario para que sexa posible o desenrolo do Plan dun xeito coordinado.

O Dpto. de Orientación recollerá as achegas dos implicados para elaborar a memoria que sobre o desenrolo do Plan debe realizarse ao finalizar o curso. Nesta memoria analizaranse e valoraranse as actuacións levadas a cabo e propoñeranse melloras de cara a vindeiros cursos.

Propostas do departamento de Orientación en relación á Acción Titorial.

A acción titorial é un dos niveis de aplicación da orientación nun centro educativo e constitúe un dos principais factores que posibilitan a orientación do alumnado en xeral e a calidade educativa dun centro.

Dentro das propostas de acción titorial, cabe sinalar que algunhas das actividades a realizar son, en moitos aspectos, coincidentes con outras incluídas no plan de orientación e no plan de centro; isto non supón unha reiteración innecesaria, senón que obedece a un principio de extrema interconexión dos principios nos que están baseadas ambas actuacións, diferenciándose, en gran parte dos casos, na forma e as persoas implicadas, tendo a mesma finalidade.

Para levar a cabo a acción titorial será necesario:

- Unha valoración de coñecementos polo titor/a.
- Exame e valoración da documentación académica e psicopedagóxica, con maior detemento naqueles casos de nenos/as que se escolarizaron recentemente no centro, ben sexa como traslado doutro centro ou ben que inician escolarización.
- O Dpto. de Orientación facilitará probas e instrumentos de avaliación e control, para a recollida de datos, como paso previo á análise das mesmas polo Dpto., de cara a detección de NEAE e, se fose o caso, accións de avaliación psicopedagóxica de carácter máis específico.
- Intervirase especialmente nos primeiros cursos para detectar e corrixir, de ser o caso, as dificultades que puideran existir.
- O Dpto. elaborará as pautas de actuación máis convenientes, segundo os resultados obtidos.
- Detección das dificultades de aprendizaxe e estudo no Dpto. (coordinadores de nivel e titores) das estratexias máis convenientes para reducir e corrixir o problema.
- Información aos alumnos/as e as súas familias daquelas condicións que sexan favorecedoras do rendemento académico, así como daquelas outras que se estimen claramente como desfavorables, así como tamén tratar de implicar ás familias na cultura do esforzo no ámbito educacional, non só do alumno/a senón deles mesmos.
- Colaborar co profesorado no afianzamento de hábitos de estudo e traballo, que favorezan a aprendizaxe autónoma e do desenvolvemento das capacidades do alumnado, así como afianzar o sentido de traballo en equipo, a valoración das achegas dos demais e o respecto a outras formas diferentes de pensar.
- Respecto do desenvolvemento persoal e social: facilitar, por parte do Dpto., de acordo co profesorado, os obxectivos e un listado de actividades a realizar. Accións para a integración dos alumnos/as:
- Avaliación do alumnado procedente do estranxeiro, para acordar as medidas de atención que resulten máis oportunas.

- Programa de acollida en ESO: en colaboración cos titores e o IES ao que está adscrito o centro; dirixido ao alumnado que remata a etapa de primaria (6º curso): charlas a cargo do director ou xefe de estudos, orientadora do I.E.S., visitas guiadas, ...
- Estudo dos expedientes e información sobre os novos alumnos/as.
- Informar ao profesorado dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas que se realicen ao longo do curso.
- Informar ao profesorado sobre métodos de traballo para o incremento das habilidades sociais e autoestima, así como para a mellora da convivencia, tanto dentro do grupo como intergrupos, accións que deberán levar a cabo os docentes, e igualmente outras que incidan no fomento da tolerancia e mellora da convivencia.

6. PLANS E PROXECTOS

- Plan xeral de atención á diversidade. (anexo II)
- Plan de convivencia.(anexo III)
- Proxecto Lingüístico.(anexo IV)
- Proxecto Lector.(anexo V)
- Plan TIC. (anexo VI)
- Proxecto de promoción de estilos de vida saudables.(anexo VII)
- NOFC (anexo VIII)
- Plan Autoprotección do Centro (anexo IX)

7. CONCLUSIÓNS E DISPOSICIÓNS FINAIS.

Este Proxecto Educativo foi elaborado polo Equipo Directivo tendo en conta a normativa vixente e seguindo as directrices do Consello Escolar e as propostas realizadas polo Claustro.

Este Proxecto Educativo actualizarase sempre que cambie a lexislación sobre a que se fundamenta.

Este documento quedará a disposición de todos os membros da comunidade educativa. Haberá copia do mesmo na secretaría do Centro. Tamén será exposto na páxina web do Centro

O presente Proxecto Educativo foi presentado ao Claustro e Consello Escolar deste Centro e aprobado pola Directora o 29 de xuño de 2018.

A Directora

M^a Susana Diéguez Villaverde